# DIAGNÓSTICO 2010

## Enquisa á empresas TIC sobre a

# Sociedade da Información en Galicia



XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Presidencia - Xunta de Galicia

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2011

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0

Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl

# Diagnóstico 2010
# Enquisa á empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia



**Xunta de Galicia**

Presidencia

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Santiago de Compostela

2011

# Índice

INTRODUCIÓN 6
METODOLOXÍA DO ESTUDO 7
CARACTERIZACIÓN DO SECTOR TIC 8
I. CARACTERÍSTICAS DAS EMPRESAS TIC 15
I.1.Características básicas das empresas TIC 15
I.2.Actividade das empresas TIC 19
I.3. Características do persoal 25
I.3.1. Distribución dos traballadores /as 25
I.3.2. Demanda de Traballadores /as 29
I.4.Certificación de calidade e competitividade 40
I.5. En síntese 46
II. ACTIVIDADES DE I+D+i 48
II.1. Persoal adicado a I+D+i 48
II.2. Actividades desenvolvidas 52
II.3. En síntese 54
III. INNOVACIÓNS ORGANIZATIVAS, COMERCIAIS, DE PRODUCTOS E DE PROCESOS 55
III.1. Innovacións introducidas nos tres últimos anos 55
III.2. Solicitude de patentes 63
III.3. En síntese 65
IV. EQUIPAMENTOS E SERVIZOS TIC 66
IV.1. Equipamento tecnolóxico 66
IV.2. Sistemas informáticos 72
IV.3. Internet 92
IV.3.1. Equipamento 92
IV.3.2. Utilización e servizos empregados en internet 100
IV.3.3. Seguridade 104
IV.4. Páxina web 108
IV.5. En síntese 118
V. COMERCIO ELECTRÓNICO 120
V.1. Compras 120
V.2. Vendas 125
V.3. En síntese 131
VI. FORMACIÓN E AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO TIC 132
VI.1. Formación 132
VI.2. Axudas para o desenvolvemento TIC 144

VI.3. En síntese 146
VII. PERCEPCIÓN ACTUAL E PROSPECTIVA DE MERCADO 147
VII.1. Situación actual 147
VII.2. Perspectivas futuras 154
VII.3. En síntese 160
ANEXO I 161

# INTRODUCIÓN

Neste informe amósanse os resultados da "Enquisa á empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia" elaborada polo Observatorio Galego da Sociedade da Información (OSIMGA). Este estudo foi elaborado polo OSIMGA, no marco da encomenda realizada pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, proxecto que forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.

O estudo recolle a situación do ano 2010 con respecto a unha serie de indicadores e obxectivos relacionados coa información e as comunicacións nas empresas TIC galegas:

- Caracterización e información económica e de ámbitos de mercado ou actividade das empresas TIC.
- Actividades I+D+i, innovacións organizativas, comerciais, de produtos e de procesos TIC.
- Equipamentos TIC, servizos empregados a través de Internet.
- Dispoñibilidade de páxina web
- Comercio electrónico
- Formación e axudas para o desenvolvemento do uso das TIC.

# METODOLOXÍA DO ESTUDO

O presente estudo sobre a Sociedade da Información en Galicia realizouse entre empresas galegas atendendo aos seguintes criterios metodolóxicos que se expoñen de seguido:

- **Ámbito**: Galicia.
- **Universo**: sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia, adicadas a determinadas actividades relacionadas coas Tecnoloxías da Información e Comunicación agrupadas en 5 grupos clasificatorios.
- **Tipo de enquisa**: Entrevista autoadministrada vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou personalmente para a súa cobertura.
- **Tamaño da mostra:** 412 entrevistas a empresas relacionadas con TIC
- **Afixación:** Polietápica: estratificada proporcional en primeira fase, en base ao volume de emprego, actividade e provincia de localización, nunha segunda fase selección aleatoria da empresa dentro de cada un dos estratos definidos en cada submostra.
- **Erro mostral:** Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e p=q= 0,5 como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de ±4,39%.
- **Traballo de campo**: do 18 de marzo ao 20 de abril de 2011.

# CARACTERIZACIÓN DO SECTOR TIC

- O número de empresas galegas do sector TIC no ano 2010 situábase en 1.767 empresas e experimentou un crecemento do 14,6% no período 2009-2010 (*Fonte: INE. Anos 2009-2010)*.
- O nivel de emprego no sector TIC situóse no ano 2010 nos 15.851 traballadores/as, o que representa o 1,57% da poboación ocupada galega *(Fonte: IGE. Ano 2010)*.
- Galicia é a sétima Comunidade Autónoma con maior número de empresas do sector TIC *(Fonte INE. Ano 2010)*.

O obxectivo deste capítulo é analizar o sector empresarial das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, presentando os principais datos sobre o número de empresas, o emprego neste sector, así como a capacitación en estudos relacionados coas TIC nas Universidades Galegas.

O número de empresas galegas do sector TIC[1] no ano 2010 situábase en 1.767 empresas. Estes datos sitúan a Galicia como a sétima Comunidade Autónoma con maior número de empresas do sector TIC e confirma que este sector está a converterse nunha das áreas produtivas chaves no desenvolvemento económico e social de Galicia.

[1] Nota metodolóxica: Considérase a seguinte definición do Sector TIC (empregada por INE, Eurostat e OCDE): Manufactureiras TIC (26.11, 26.12, 26.20, 26.30, 26.40, 26.80), Comerciais TIC (46.51, 46.52), Publicacións TIC (58.21, 58.29), Telecomunicacións (61.10, 61.20, 61.30, 61.90), Actividades informáticas portais web e procesamento de datos (62.01, 62.02, 62.03, 62.09, 63.11, 63.12) e reparación de ordenadores (95.11, 95.12).

**G.1. NÚMERO DE EMPRESAS TIC POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. ANO 2010**




Base: empresas TIC
Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE Ano 2010

O número de empresas do sector TIC mostra unha tendencia positiva, experimentando un crecemento do 14,6% no período 2009 – 2010. En España, o incremento neste indicador foi dun 11,5%, pasado de 41.730 empresas do sector TIC no ano 2009 a 46.511 no ano 2010.

**G.2. NÚMERO DE EMPRESAS TIC EN GALICIA. ANOS 2007-2010**

(nº de empresas TIC)




**Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Anos 2007-2010**

**Nota: No ano 2009 produciuse a adaptación á nova clasificación europea (NACE Rev. 2) e á versión española da mesma (CNAE 2009). Isto pode provocar desviacións na evolución do indicador**

A distribución das empresas do sector TIC galegas segundo a actividade (CNAE 2009) mostra que o maior número se concentra no subsector da "Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática". A continuación, sitúanse as actividades relacionadas coa "Reparación de ordenadores e equipos de comunicación" e co "Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web".

### C.1. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS DO SECTOR TIC GALEGAS SEGUNDO A ACTIVIDADE CNAE 2009. ANO 2010

| Actividades CNAE 2009 | Número de empresas |
|---|---|
| 26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados | 11 |
| 26.2 Fabricación de ordenadores e equipos periféricos | 47 |
| 26.3 Fabricación de equipos de telecomunicacións | 15 |
| 26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo | 2 |
| 26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos | 0 |
| 46.5 Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións | 134 |
| 58.2 Edición de programas informáticos | 45 |
| 61.1 Telecomunicacións por cable | 48 |
| 61.2 Telecomunicacións sen fíos | 2 |
| 61.3 Telecomunicacións por satélite | 13 |
| 61.9 Outras actividades de telecomunicacións | 53 |
| 62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática | 743 |
| 63.1 Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web | 227 |
| 95.1 Reparación de ordenadores e equipos de comunicación | 427 |

Base: empresas TIC
Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Ano 2010

Na análise do sector TIC cabe salientar que un 52,7% das empresas de Galicia non conta con asalariados/as (932 empresas) e un 41,6% das empresas ten entre 1 e 9 asalariados/as (735 empresas).

No período 2009 – 2010, o número de empresas galegas do sector TIC aumentou en 225 empresas, producíndose este incremento en todos os tramos de asalariados/as agás no relativo ás empresas de 10 e máis asalariados/as. O crecemento máis significativo, en termos absolutos, experimentouse nas empresas do sector TIC que non contan con empregados/as (111 empresas máis).

As empresas TIC do conxunto do Estado presentan unha distribución semellante: un 57,8% non conta con asalariados/as (26.863 empresas) e un 34,9% das empresas ten entre 1 e 9 asalariados/as (16.248 empresas).

**G.3. EMPRESAS DO SECTOR TIC SEGUNDO O NÚMERO DE EMPREGADOS /AS. ANOS 2009-2010**

(nº de empresas TIC)




**Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Anos 2009 e 2010**

O nivel de emprego no sector TIC[2] situouse no ano 2010 nos 15.851 traballadores/as, o que representa o 1,57% da poboación ocupada galega, porcentaxe similar á do ano anterior (1,59%). Pese ao aumento no número de empresas do sector TIC, a actual conxuntura económica condiciona que se produza un lixeiro descenso no número de persoas empregadas no sector TIC.

[2] Nota metodolóxica: Considérase o número de traballadores do sector TIC como a media entre o dato de afiliacións á Seguridade Social a 30 de xuño e 31 de decembro do ano de referencia.

### G.4. EMPREGO NO SECTOR TIC DE GALICIA. ANOS 2007-2010

(nº de empresas TIC)




**Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos facilitados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Anos 2007-2010**

**Nota: No ano 2009 produciuse a adaptación á nova clasificación europea (NACE Rev. 2) e á versión española da mesma (CNAE 2009). Isto pode provocar desviacións na evolución do indicador**

Na seguinte táboa móstrase a distribución do emprego no sector TIC segundo o tipo de réxime da Seguridade Social.

### C.2. EMPREGO NO SECTOR TIC SEGUNDO O TIPO DE RÉXIME. ANOS 2009-2010

| Ano / Réxime | Réxime xeral | Réxime especial de autónomos | Total |
|---|---|---|---|
| Ano 2009 | 12.390 | 3.937 | 16.327 |
| Ano 2010 | 12.131 | 3.720 | 15.851 |

Base: empresas TIC
Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos facilitados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotizacións facilitados pola Seguridade Social. Anos 2009-2010

Unha das principais fortalezas de Galicia é a cualificación da poboación. No curso 2008-2009, 687 persoas tituláronse en Enxeñaría en Informática ou Telecomunicacións nas Universidades Galegas. Isto representa o 7,2% sobre o total de persoas tituladas no Sistema Universitario Galego. Por iso, é necesario poñer atención nas medidas destinadas a atraer e consolidar persoal cualificado ao sector e fomentar a retención de coñecemento nas empresas.

**G.5. PERSOAS TITULADAS EN ESTUDOS RELACIONADOS COAS TIC (Enx. en Informática e Telecomunicacións) NAS UNIVERSIDADES DE GALICIA. CURSOS 2007-2008 E 2008-2009**

(nº de persoas tituladas)




**Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Cursos 2007-2008 e 2008-2009**

# I. CARACTERÍSTICAS DAS EMPRESAS TIC

## I.1. Caracterización básica das empresas TIC

- O 49% das empresas TIC galegas dedícanse a actividades informáticas e o 25,7% desenvolve actividades comerciais.
- O 6,5% das empresas galegas TIC pertence a un grupo empresarial. Destas empresas, un 52,1% son empresas filiais.

**G.6. ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA**




**Fonte: OSIMGA**

As empresas TIC con máis presenza en Galicia son as adicadas ás actividades informáticas (49%), seguidas das comerciais (25,7%). As empresas con menor presenza, son as de telecomunicacións (6,1%) e as manufactureiras (4,9%)

**G.7. CONDICIÓN XURÍDICA**

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

Atendendo á súa condición xurídica, a maioría das empresas TIC pertencen ao grupo das Sociedades de responsabilidade Limitada (72,6%), seguidas do grupo das Persoas físicas (20,2%), mentres que as Sociedades Anónimas e as outras formas xurídicas contan cunha presenza moi inferior (3,1% e 4,1% respectivamente).

*O ano de constitución das empresas TIC por termo medio é:* **2001**

- O 25% constituíronse antes do 1998
- O 25% constituíronse entre o 1999 e o 2004
- O 25% constituíronse entre o 2005 e o 2006
- O 25% constituíronse do 2006 cara adiante

Por ano de constitución da empresa, a maior parte das empresas TIC constituíronse no ano 2001. Se facemos unha división en cuartos, o 25% son anteriores ao ano 1998, outro 25% creáronse entre 1999 e o 2004, outro cuarto entre 2005 e o 2006, e o resto a partir do ano 2006.

## G.8. CAPITAL DE NEGOCIOS

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

En relacion ao capital de negocios, a maioría das empresas considéranse galegas (94,1%), sendo inferiores as porcentaxes de empresas españolas ou multinacionais con sede ou establecementos en Galicia, con porcentaxes inferiores ao 4%.

### G.9. PERTENZA A GRUPO EMPRESARIAL




Base: empresas TIC que forman parte dun grupo empresarial
Fonte: OSIMGA

A maior parte das empresas galegas non forman parte de ningún grupo empresarial (93,5%), namentres que o 6,5% restante si pertencen a algún. Destas, máis da metade son empresas filiais (52,1%), un 26,3% son empresas asociadas, un 19,3% son empresas matrices e o 2,3% son empresas conxuntas.

## I.2. Actividade das empresas TIC

- O volume de negocio das empresas TIC galegas superou os 2.200 millóns de euros no ano 2010.
- Un 87,8% do volume de negocio corresponde a clientes galegos e un 9,8% ao resto de España.
- Os principais clientes das empresas TIC galegas son as empresas adicadas ao sector servizos e as empresas con menos de 10 asalariados / as.

**G.10.ACTIVIDADE PRINCIPAL DAS EMPRESAS TIC**

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

As principais actividades das empresas TIC de Galicia son o servizo e mantemento de *outsorcing* (33,2%), a venda e instalación de *Hardware* (32,6%), e o desenvolvemento de produtos *Softwares* (32%). As empresas TIC dedicadas á produción de contidos audiovisuais (6,1%) e a outros servizos (3,6%) son as que teñen menor incidencia na Comunidade.

A continuación, amósase a evolución do volume de negocio do conxunto das empresas TIC galegas e a cifra media de negocio nos tres últimos anos.

## G.11. ESTIMACIÓN DO VOLUME DE NEGOCIO

(millóns de euros)




**Base: empresas TIC**

**Fonte: OSIMGA**

## C.3. CIFRA MEDIA DE NEGOCIO NOS TRES ÚLTIMOS ANOS

| Cifra Media de Negocio (euros) | | |
|---|---|---|
| 2008 | 2009 | 2010 |
| 1.164.744,17 | 1.042.299,04 | 980.996,09 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

No ano 2010 a cifra de negocio supera os 2.200 millóns de euros no ano 2010, As empresas galegas veñen sufrindo un pequeno descenso no volume de negocio nos últimos tres anos.

## C.4. DISTRIBUCIÓN DA CIFRA DE NEGOCIO DURANTE O ANO 2010 SEGUNDO O EMPRAZAMENTO DOS CLIENTES

**% de distribución xeográfica da cifra de negocio**

| Galicia | Resto de España | Resto da Unión Europea | Resto do mundo |
|---|---|---|---|
| 87,8 | 9,8 | 0,6 | 1,7 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Un 87,8% do volume de negocio corresponde a clientes galegos, principalmente empresas (57,8%) e particulares (21,6%).

## C.5. DISTRIBUCIÓN DA CIFRA DE NEGOCIO DURANTE O ANO 2010 SEGUNDO O TIPO DE CLIENTES

**% de distribución por clientes da cifra de negocio**

| Xunta de Galicia | Concellos e deputación galegas | Administración Pública non galega | Empresas | Profesionais | Particulares |
|---|---|---|---|---|---|
| 4,2 | 4,0 | 2,0 | 57,8 | 10,4 | 21,6 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O 80,7% das empresas-cliente contan con entre 0 e 9 empregados / as, e o 67,1% con 10 ou máis asalariados/as. A grande maioría pertencen ao sector servizos (82,3%), seguidas das relacionadas con actividades industriais (52,8%), outros sectores (39,8%) e construción (33,1%).

### G.12. TIPOLOXIA DE CLIENTES EMPRESARIAIS

(% empresas TIC que teñen como clientes outras empresas)




Fonte: OSIMGA

### G.13. TIPOLOXIA DE CLIENTES EMPRESARIAIS

(% empresas TIC que teñen como clientes outras empresas)




Fonte: OSIMGA

A distancia para a relación coa clientela (24,5%), a competencia da grande empresa española ou multinacional (23,4%) e os custos do transporte (22%) son as dificultades principais que atopan as empresas TIC á hora de vender bens ou servizos fóra de Galicia. O 19,5% recoñeceu non atopar dificultades neste sentido.

## G.14. DIFICULDADES QUE ATOPAN AS EMPRESAS PARA AS VENDAS DE BENS E SERVIZOS FORA DE GALICIA

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

# I.3. Características do persoal

- Só o 28,1% do persoal das empresas TIC galegas son mulleres.
- O 5,7% das empresas TIC galegas emprega a traballadores / as con discapacidade.
- Os homes teñen maior presenza en todos os postos das empresas TIC, agás nas administrativas, de maior presenza feminina.
- O 34,4% das empresas TIC galegas consideran "doado" ou "moi doado" atopar o perfil que precisan á hora de contratar persoal con formación en TIC e o 29,2% considérao "difícil" ou "moi difícil" .

## I.3.1. Distribución dos traballadores /as

As empresas TIC galegas están formadas por 8,9 persoas de media, que maioritariamente traballan por conta allea (7,2), fronte ao 1,7 de media que o fan por conta propia. O número medio de traballadores (6,4) supera amplamente ao de traballadoras (2,5).

**C.6. TRABALLADORES / AS**

| | XÉNERO (Nº MEDIO) | | Total |
|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | |
| POR CONTA ALLEA | 5,1 | 2,1 | 7,2 |
| POR CONTA PROPIA | 1,3 | 0,4 | 1,7 |
| TOTAL | 6,4 | 2,5 | 8,9 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

### C.7. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DE TRABALLADORES/AS

| | XÉNERO (%) | | Total |
|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | |
| POR CONTA ALLEA | 70,9 | 29,1 | 100 |
| POR CONTA PROPIA | 75,6 | 24,4 | 100 |
| TOTAL | 71,9 | 28,1 | 100 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Á vista das porcentaxes obtidas, podemos confirmar a masculinización das empresas TIC en Galicia, dado que apenas o 28,1% do persoal son mulleres, fronte ao 71,9% que son homes.

### G.15. PRESENZA DE TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE




Base: empresas TIC con traballadores /as por conta allea
Fonte: OSIMGA

A presenza de persoal con algún tipo de discapacidade é moi reducida nas empresas TIC, e acada só o 5,7% das empreas TIC.

### C.8.DISTRIBUCIÓN MEDIA DAS FUNCIÓNS DOS TRABALLADORES / AS

| Funcións desenvolvidas | XÉNERO (Nº MEDIO) | | Total |
|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | |
| Dirección | 0,6 | 0,1 | 0,7 |
| Persoal comercial e marketing | 0,5 | 0,2 | 0,7 |
| Persoal de redes e telecomunicacións | 0,7 | 0,2 | 0,9 |
| Persoal de informática | 1,8 | 0,5 | 2,3 |
| Persoal de electrónica | 0,4 | 0,1 | 0,6 |
| Persoal de deseño, contidos e comunicación | 0,8 | 0,4 | 1,1 |
| Persoal de administración | 0,2 | 0,5 | 0,7 |
| Outros | 2,2 | 0,9 | 3,1 |

Base: empresas TIC con traballadores/as por conta allea
Fonte: OSIMGA

Unha das funcións máis frecuentes nas empresas TIC galegas é a de persoal de informática (2,3) e do de deseño, contidos e comunicación (1,1). En función do xénero, as funcións desenvolvidas son ben diferentes. Os homes teñen maior presenza en todos os postos, agás nos administrativos, de maior presenza feminina. No persoal de electrónica e informática, redes e telecomunicacións e dirección, o número de homes multiplica por tres, por catro e mesmo por cinco ao número de mulleres empregadas.

### C.9. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DAS FUNCIONS DOS TRABALLADORES/AS

| Funcións desenvolvidas | XÉNERO (%) | | Total |
|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | |
| Dirección | 84,8 | 14,9 | 100,0 |
| Persoal comercial e marketing | 72,5 | 27,5 | 100,0 |
| Persoal de redes e telecomunicacións | 80,9 | 19,1 | 100,0 |
| Persoal de informática | 77,4 | 22,6 | 100,0 |
| Persoal de electrónica | 75,8 | 24,2 | 100,0 |
| Persoal de deseño, contidos e comunicación | 66,5 | 33,5 | 100,0 |
| Persoal de administración | 36,8 | 63,2 | 100,0 |
| Outros | 70,5 | 29,5 | 100,0 |

Base: empresas TIC con traballadores/as por conta allea
Fonte: OSIMGA

O maior peso porcentual dos varóns en xeral é máis intenso en determinados postos, especialmente nos directivos, onde a porcentaxe de homes chega ata o 84,8%, fronte ao 14,9% de mulleres. Esta tendencia apenas se inverte no persoal de administración, no que a porcentaxe de mulleres supera á de homes.

### C.10.DISTRIBUCIÓN MEDIA DAS TITULACIÓNS DOS TRABALLADORES / AS

| Titulacións | XÉNERO (Nº MEDIO) | | Total |
|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | |
| Titulación TIC Superior (Enxeñaría, Informática, Física ou similar) | 1,68 | 0,47 | 2,15 |
| Titulación TIC Media (Enseñaría técnica en Informática ou similar) | 1,00 | 0,36 | 1,36 |
| Ciclos formativos superiores no ámbito TIC | 1,60 | 0,30 | 1,90 |
| Ciclos formativos medios no ámbito TIC | 0,38 | 0,13 | 0,50 |
| Titulacións superiores ou medias non TIC | 0,48 | 0,39 | 0,88 |
| Outras | 1,86 | 0,99 | 2,86 |

Base: empresas TIC con traballadores/as por conta allea
Fonte: OSIMGA

Respecto ás titulacións do persoal por conta allea, unha media de 2,15 empregadas/os está en posesión dun título superior relacionado coas TIC, aínda que o máis frecuente é que conten con outras titulacións (é o caso de 2,86 traballadores/as de media). Por sexos, a fenda menor corresponde ás titulacións superiores ou medias non relacionadas coas TIC, onde atopamos un número medio de 0,48 homes e 0.39 mulleres. No extremo oposto a maior fenda de xénero corresponde aos ciclos formativos superiores no ámbito das TIC.

### C.11. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DAS TITULACIÓNS DE TRABALLADORES / AS

| Titulacións | XÉNERO (%) | | Total |
|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | |
| Titulación TIC Superior (Enxeñaría, Informática, Física ou similar) | 78,1 | 21,9 | 100 |
| Titulación TIC Media (Enseñaría técnica en Informática ou similar) | 73,5 | 26,5 | 100 |
| Ciclos formativos superiores no ámbito TIC | 84,2 | 15,8 | 100 |
| Ciclos formativos medios no ámbito TIC | 76,0 | 26,0 | 100 |
| Titulacións superiores ou medias non TIC | 54,5 | 44,3 | 100 |
| Outras | 65,0 | 34,6 | 100 |

Base: empresas TIC con traballadores/as por conta allea
Fonte: OSIMGA

# I.3.2. Demanda de traballadores /as

### G.16. VALORACIÓN DO CADRO DE PERSOAL EN CANTO A TITULACIÓN




Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea
Fonte: OSIMGA

A composición do cadro de persoal en canto ao nivel de titulación das e dos traballadores que se teñen formado especificamente en TIC, é considerada como axeitada por un 76,2% das empresas da mostra que contan con persoal por conta allea. Apenas un 3% califica a composición como non axeitada, mentres que un 20,8% non sabe ou non responde a esta cuestión.

### C.12. VALORACIÓN DO CADRO DE PERSOAL EN CANTO A TITULACIÓN SEGUNDO A ACTIVIDADE

| Valoración do nivel de titulación en TIC dos seus traballadores / as | TIPO DE ACTIVIDADE (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | Total |
| Axeitada | 90,9 | 74,5 | 50,0 | 77,5 | 92,9 | 76,2 |
| Non axeitada | 0,0 | 0,0 | 10,0 | 4,5 | 0,0 | 3,0 |
| Ns / Nc | 9,1 | 25,5 | 40,0 | 18,0 | 7,1 | 20,8 |
| N | 11 | 47 | 20 | 89 | 14 | 180 |

Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea
Fonte: OSIMGA

Segundo a actividade, as valoracións máis positivas neste sentido corresponden a empresas doutros servizos e ás manufactureiras.

### C.13. VALORACIÓN DO CADRO DE PERSOAL EN CANTO A TITULACIÓN SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS /AS

| Valoración do nivel de titulación en TIC dos seus traballadores / as | Nº DE EMPREGADOS / AS (%) | | | |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados /as | De 10 a 49 asalariados /as | De 50 ou máis asalariados /as | Total |
| Axeitada | 75,5 | 80,0 | 80,0 | 76,2 |
| Non axeitada | 3,2 | 0,0 | 0,0 | 3,0 |
| Ns / Nc | 21,3 | 20,0 | 20,0 | 20,8 |
| N | 155 | 20 | 5 | 180 |

Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea
Fonte: OSIMGA

Por tamaño do equipo, as diferenzas para este criterio son pouco signficativas, sendo as valoracións moi similares con independencia do número de asalariados/as co que conte a empresa.

Pola súa banda, a condición xurídica si resulta explicativa para esta cuestión, e así, un 79,1% das sociedades consideran axeitada a composición do seu cadro de persoal en canto ao nivel de titulación en TIC, fronte ao 52,4% das persoas físicas que teñen esta mesma opinión. Interesante é tamén o elevado índice de non resposta que presentan as persoas físicas, e que acada o 47,6%.

### C.14. VALORACIÓN DO CADRO DE PERSOAL EN CANTO A TITULACIÓN SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

| Valoración do nivel de titulación en TIC dos seus traballadores / as | CONDICIÓN XURÍDICA (%) | | |
|---|---|---|---|
| | Persoas Físicas | Sociedades | Total |
| Axeitada | 52,4 | 79,1 | 76,2 |
| Non axeitada | 0,0 | 3,2 | 3,0 |
| Ns / Nc | 47,6 | 17,7 | 20,8 |
| N | 21 | 158 | 180 |

Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea
Fonte: OSIMGA

## C.15. VALORACIÓN DO CADRO DE PERSOAL SOBRE A TITULACIÓN SEGUNDO A PROVINCIA

| Valoración do nivel de titulación en TIC dos seus traballadores / as | PROVINCIA (%) | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Sede fóra de Galicia | |
| Axeitada | 70,1 | 87,5 | 78,6 | 78,9 | 100,0 | 76,2 |
| Non axeitada | 6,5 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 3,0 |
| Ns / Nc | 23,4 | 12,5 | 21,4 | 21,1 | 0,0 | 20,8 |
| N | 77 | 16 | 14 | 71 | 3 | 180 |

Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea
Fonte: OSIMGA

Atendendo á provincia onde a empresa ten a súa sede principal, son as situadas en Lugo as que en maior medida califican de axeitado o nivel de titulación en TIC do seu persoal (87,5%), e as que presentan así mesmo un menor índice de non resposta (12,5%). As da Coruña son as únicas con representación na valoración do cadro de persoal coma non axeitado, cun 6,5% de empresas que marca esta opción.

## G.17. VALORACIÓN DA BUSCA DE PERFIL PARA CONTRATAR PERSOAL CON FORMACION TIC

(% empresas TIC con traballadores / as por conta allea)




Fonte: OSIMGA

O 34,9% das empresas consideran doado ou moi doado atopar o perfil que precisan á hora de contratar persoal con formación TIC, fronte ao 29,2% que o considera difícil ou moi difícil. Un 35,8% non valora esta cuestión, o 17,1% porque nunca precisou contratar perfís deste tipo.

En relación á actividade, as empresas doutros servizos e as manufactureiras son as que atopan maiores dificultades para atopar o perfil en TIC que buscan, e as de actividades informáticas as que menos. Pola súa banda, un 31,1% das empresas dedicadas a actividades comerciais TIC afirmou non ter precisado contratar este perfil, namentres que o 35% das de telecomunicacións non sabe ou non responde a esta cuestión.

### C.16. VALORACIÓN DA BUSCA DE PERFIL PARA CONTRATAR PERSOAL CON FORMACION TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE

| Dificultade para atopar o perfil en Tic | TIPO DE ACTIVIDADE (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | Total |
| Nunca precisou contratalo | 0,0 | 31,9 | 10,0 | 13,5 | 7,7 | 17,1 |
| Moi Difícil | 36,4 | 4,3 | 10,0 | 11,2 | 0,0 | 10,0 |
| Difícil | 18,2 | 21,3 | 25,0 | 12,4 | 61,5 | 19,2 |
| Doado | 18,2 | 29,8 | 15,0 | 37,1 | 30,8 | 30,8 |
| Moi doado | 0,0 | 2,1 | 5,0 | 5,6 | 0,0 | 4,1 |
| Ns / Nc | 27,3 | 10,6 | 35,0 | 20,2 | 0,0 | 18,7 |
| N | 11 | 47 | 20 | 89 | 13 | 180 |

Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea
Fonte: OSIMGA

A facilidade para atopar o perfil que se precisa contratar é maior canto maior é tamén o tamaño da empresa. O total de distribución para este criterio amosase na táboa C.17.

## C.17. VALORACIÓN DA BUSCA DE PERFIL PARA CONTRATAR PERSOAL CON FORMACION TIC SEGUNDO O Nº DE TRABALLADORES /AS

| Dificultade para atopar o perfil en Tic | Nº DE EMPREGADOS /AS (%) | | | Total |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados/as | De 10 a 49 asalariados /as | De 50 ou máis asalariados /as | |
| Nunca precisou contratalo | 18,6 | 9,5 | 0,0 | 17,1 |
| Moi Difícil | 10,9 | 4,8 | 0,0 | 10,0 |
| Difícil | 17,9 | 28,6 | 20,0 | 19,2 |
| Doado | 29,5 | 33,3 | 60,0 | 30,8 |
| Moi doado | 3,2 | 9,5 | 20,0 | 4,1 |
| Ns / Nc | 19,9 | 14,3 | 0,0 | 18,7 |
| N | 156 | 21 | 5 | 180 |

Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea
Fonte: OSIMGA

Segundo a condición xurídica, as dificultades son maiores no caso das sociedades, aínda que cómpre ter en conta que un 23,8% das persoas físicas nunca precisiou contratar perfís deste tipo, e a mesma porcentaxe non sabe ou non responde a esta cuestión.

## C.18. VALORACIÓN DA BUSCA DE PERFIL PARA CONTRATAR PERSOAL CON FORMACION TIC SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

| Dificultade para atopar o perfil en Tic | CONDICIÓN XURÍDICA (%) | | Total |
|---|---|---|---|
| | Persoas Físicas | Sociedades | |
| Nunca precisou contratalo | 23,8 | 16,4 | 17,1 |
| Moi Difícil | 9,5 | 10,1 | 10,0 |
| Difícil | 4,8 | 21,4 | 19,2 |
| Doado | 38,1 | 30,2 | 30,8 |
| Moi doado | 0,0 | 4,4 | 4,1 |
| Ns / Nc | 23,8 | 17,6 | 18,7 |
| N | 21 | 159 | 180 |

Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea
Fonte: OSIMGA

## C.19. VALORACIÓN DA PROCURA DE PERFIL PARA CONTRATAR PERSOAL CON FORMACION TIC SEGUNDO A PROVINCIA

| Dificultade para atopar o perfil en Tic | PROVINCIA (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Sede fóra de Galicia | Total |
| Nunca precisou contratalo | 17,9 | 31,3 | 7,7 | 15,5 | 0,0 | 17,1 |
| Moi Difícil | 14,1 | 0,0 | 0,0 | 8,5 | 0,0 | 10,0 |
| Difícil | 19,2 | 12,5 | 30,8 | 19,7 | 0,0 | 19,2 |
| Doado | 28,2 | 25,0 | 53,8 | 31,0 | 33,3 | 30,8 |
| Moi doado | 3,8 | 0,0 | 0,0 | 7,0 | 0,0 | 4,1 |
| Ns / Nc | 16,7 | 31,3 | 7,7 | 18,3 | 66,7 | 18,7 |
| N | 78 | 16 | 13 | 71 | 3 | 180 |

Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea
Fonte: OSIMGA

As empresas situadas en Ourense atopan máis facilmente que as do resto de provincias o perfil que precisan cando necesitan contratar novo persoal con formación TIC, sendo a porcentaxe das que o consideran doado do 53,8%. En Lugo, a tasa de empresas que nunca precisou contratar perfís en TIC é moi superior á media, e acada un 31,3%.

## G.18. TIPO DE DIFICULTADES NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL TIC

(% empresas TIC con traballadores / as por conta allea que atopan difícil ou moi dificíl contratar novo persoal)




Fonte: OSIMGA

A principal dificultade que atopan as empresas TIC galegas á hora de contratar novo persoal é a falta de especialistas neste ámbito, situándose en segundo termo os custos altos asociados á contratación.

### G.19. NIVEL DE CUALIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS TIC

(% empresas TIC con traballadores / as por conta allea)




**Fonte: OSIMGA**

En relación ao nivel cualificación das e dos profesionais TIC que se formaron no sistema educativo galego, un 46,3% opina que este é bo, un 20% defíneo como regular, e só un 6,6% valórao como malo ou moi malo.

Se poñemos estes datos en relación coa actividade principal da empresa, atopamos que as valoracións máis negativas corresponden ás empresas dedicadas a actividades informáticas e ás manufactureiras. Estas últimas, xunto coas doutros servizos, amosan así mesmo porcentaxes superiores á media na calificación do nivel como regular.

### C.20. NIVEL DE CUALIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE

| Cualificación de profesionais TIC | TIPO DE ACTIVIDADE (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | Total |
| Moi malo | 0,0 | 2,1 | 0,0 | 5,6 | 0,0 | 2,9 |
| Malo | 9,1 | 0,0 | 0,0 | 5,6 | 0,0 | 3,7 |
| Regular | 36,4 | 14,6 | 5,3 | 21,1 | 41,7 | 20,0 |
| Bo | 54,5 | 47,9 | 36,8 | 46,7 | 50,0 | 46,3 |
| Moi bo | 0,0 | 4,2 | 10,5 | 12,2 | 8,3 | 8,8 |
| Ns / Nc | 0,0 | 31,3 | 47,4 | 8,9 | 0,0 | 18,3 |
| N | 11 | 48 | 19 | 90 | 12 | 180 |

Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea
Fonte: OSIMGA

A consideración do nivel de cualificación das e dos profesionais TIC que se formaron no sistema educativo galego é máis positiva conforme maior é o tamaño da empresa, e as empresas de menor tamaño teñen maiores dificultades para valorar esta cuestión.

### C.21. NIVEL DE CUALIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS TIC SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS /AS

| Cualificación de profesionais TIC | Nº DE EMPREGADOS / AS (%) | | | |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados /as | De 10 a 49 asalariados/as | De 50 ou máis asalariados/as | Total |
| Moi malo | 3,2 | 4,8 | 0,0 | 2,9 |
| Malo | 3,9 | 4,8 | 0,0 | 3,7 |
| Regular | 19,4 | 23,8 | 25,0 | 20,0 |
| Bo | 45,2 | 47,6 | 75,0 | 46,3 |
| Moi bo | 7,7 | 14,3 | 0,0 | 8,8 |
| Ns / Nc | 20,6 | 4,8 | 0,0 | 18,3 |
| N | 155 | 21 | 4 | 180 |

Base: empresas TIC con traballadores /as por conta allea
Fonte: OSIMGA

Segundo a condición xurídica, as valoracións das Sociedades son máis positivas cas das Persoas Físicas. Destas, máis da metade (55%) non sabe ou non responde a esta cuestión.

### C.22. NIVEL DE CUALIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS TIC SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

| Cualificación de profesionais TIC | CONDICIÓN XURÍDICA (%) | | |
|---|---|---|---|
| | Persoas Físicas | Sociedades | Total |
| Moi malo | 0,0 | 3,2 | 2,9 |
| Malo | 0,0 | 4,4 | 3,7 |
| Regular | 20,0 | 19,6 | 20,0 |
| Bo | 25,0 | 49,4 | 46,3 |
| Moi bo | 0,0 | 10,1 | 8,8 |
| Ns / Nc | 55,0 | 13,3 | 18,3 |
| N | 20 | 158 | 180 |

Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea
Fonte: OSIMGA

Por provincias, os resultados distribúense conforme se indica na seguinte táboa, destacando o elevado índice de "non resposta" observado nas empresas con sede principal fóra de Galicia (66,7%) e a percepción negativa do nivel nas empresas de Ourense, que nun 25% dos casos o califican como malo.

### C.23. NIVEL DE CUALIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS TIC SEGUNDO A PROVINCIA

| Cualificación de profesionais TIC | PROVINCIA (%) | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Sede fóra de Galicia | |
| Moi malo | 6,5 | 0,0 | 0,0 | 1,4 | 0,0 | 2,9 |
| Malo | 2,6 | 0,0 | 25,0 | 1,4 | 0,0 | 3,7 |
| Regular | 15,6 | 18,8 | 16,7 | 26,8 | 0,0 | 20,0 |
| Bo | 49,4 | 50,0 | 33,3 | 45,1 | 33,3 | 46,3 |
| Moi bo | 10,4 | 0,0 | 16,7 | 7,0 | 0,0 | 8,8 |
| Ns / Nc | 15,6 | 31,3 | 8,3 | 18,3 | 66,7 | 18,3 |
| N | 77 | 16 | 12 | 71 | 3 | 180 |

Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea
Fonte: OSIMGA

## G.20. VALORACIÓN DO TAMAÑO PEQUENO DUNHA EMPRESA COMA DESVANTAXE COMPETITIVA




Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea
Fonte: OSIMGA

O 43,9% das empresas con traballadores / as por conta allea considera que un tamaño pequeno nunha empresa pode ser unha desvantaxe no sector das TIC. Esta porcentaxe increméntase nas empresas máis pequenas e máis grandes. É moi significativo o feito de que un 56,9% califica de importante esa desvantaxe.

## C.24. VALORACIÓN DO TAMAÑO PEQUENO DUNHA EMPRESA COMA DESVANTAXE COMPETITIVA SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS /AS

| Valoración da desvantaxe do tamano pequeno dunha empresa | Nº DE EMPREGADOS / AS (%) | | | Total |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados /as | De 10 a 49 asalariados/as | De 50 ou máis asalariados/as | |
| Sí | 45,5 | 30,0 | 50,0 | 43,9 |
| No | 37,2 | 55,0 | 50,0 | 39,5 |
| Ns / nc | 17,3 | 15,0 | 0,0 | 16,5 |
| N | 155 | 21 | 4 | 180 |

Base: empresas TIC con traballadores /as por conta allea
Fonte: OSIMGA

## G.21. NIVEL DE IMPORTANCIA DA DESVANTAXE QUE CONSTITÚE O TAMAÑO PEQUENO DA EMPRESA

(% empresas TIC con traballadores / as por conta allea que consideran unha desvantaxe competitiva o tamaño pequeno da empresa)




**Fonte: OSIMGA**

# I.4. Certificacións de calidade e competitividade

- O 13,1% das empresas TIC galegas posúen unha certificación de calidade.
- O principal motivo polo que as empresas TIC non posúen esta certificación é porque non poden asumir o seu custo.
- O 33,7% das empresas TIC consideran positivo o impacto destas certificacións no seu negocio.

### G.22. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A porcentaxe de empresas TIC galegas que dispoñen de certificación de calidade é do 13,1%. Este dato é superado polas empresas manufactureiras TIC e as dedicadas principalmente a actividades informáticas, situándose o resto de actividades por baixo da media global.

### C.25. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE SEGUNDO A ACTIVIDADE

| Certificación de calidade | TIPO DE ACTIVIDADE (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | Total |
| Si | 15,0 | 12,3 | 12,0 | 14,4 | 10,3 | 13,1 |
| Non | 85,0 | 84,9 | 80,0 | 78,2 | 86,2 | 81,6 |
| Ns / Nc | 0,0 | 2,8 | 8,0 | 7,4 | 3,4 | 5,3 |
| N | 20 | 106 | 25 | 202 | 58 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas de entre 10 e 49 empregados/as son as que en maior medida posúen certificación de calidade (60%), seguidas polas de maior tamaño (50 ou máis persoas no equipo), que contan ca devandita certificación na metade dos casos. No caso das pequenas empresas, con equipos inferiores ás 10 persoas, a porcentaxe redúcese ata o 9,4%.

### C.26. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

| Certificación de calidade | Nº DE EMPREGADOS / AS (%) | | | Total |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados/as | De 10 a 49 asalariados/as | De 50 ou máis asalariados/as | |
| Si | 9,4 | 60,0 | 50,0 | 13,1 |
| Non | 85,1 | 36,0 | 50,0 | 81,6 |
| Ns / Nc | 5,5 | 4,0 | 0,0 | 5,3 |
| N | 382 | 25 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A disposición de certificación de calidade é tamén superior para as Sociedades (14,6%), fronte ás Persoas Físicas, que dispoñen dela nun 6% dos casos.

### C.27. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

| Certificación de calidade | CONDICIÓN XURÍDICA (%) | | Total |
|---|---|---|---|
| | Persoas Físicas | Sociedades | |
| Si | 6,0 | 14,6 | 13,1 |
| Non | 84,3 | 80,9 | 81,6 |
| Ns / Nc | 9,6 | 4,6 | 5,3 |
| N | 83 | 329 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A posesión dunha certificación de calidade é máis común nas empresas con sede principal fóra de Galicia (20%), seguidas das situadas en Ourense (16,2%), A Coruña (13,7%), Pontevedra (11,4%) e, por último, Lugo, cun 9,5% de empresas que contan con certificación deste tipo.

### C.28. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE SEGUNDO A PROVINCIA

| Certificación de calidade | PROVINCIA (%) | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Sede fóra de Galicia | |
| Si | 13,7 | 9,5 | 16,2 | 11,4 | 20,0 | 13,1 |
| Non | 81,9 | 85,7 | 81,1 | 81,3 | 80,0 | 81,6 |
| Ns / Nc | 4,4 | 4,8 | 2,7 | 7,2 | 0,0 | 5,3 |
| N | 182 | 21 | 37 | 166 | 5 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Un 44,5% das empresas que non teñen certificacións de calidade, aducen como motivo o non poder asumir o seu custo, e o 28,5% o feito de que a clientela non as demande. Outras xustificacións sinaladas en menor medida son que as certificacións non son interesantes para o negocio (18,1%), a falta de información da empresa sobre as mesmas (12%), ou que a empresa careza de capacidade técnica para obtelas (11,8%).

### G.23. PRINCIPAIS MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE CERTIFICACIÓN

(% empresas TIC que non dispoñen de certificación)




Fonte: OSIMGA

### G.24. VALORACIÓN DO IMPACTO DE CERTIFICACIÓNS NO SEU NEGOCIO

(% sobre empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

O impacto das certificacións no negocio é considerado positivo no 33,7% dos casos, e unha porcentaxe moi similar (31%) non o define nin como positivo nin como negativo. Tan só un 4,2% das empresas TIC valora como negativo ou moi negativo dito impacto.

En función da actividade, as valoracións máis positivas corresponden ás empresas de telecomunicacións e ás manufactureiras TIC, que califican o impacto das certificacións como moi positivo no 28% e o 20% dos casos, respectivamente.

### C.29. VALORACIÓN DO IMPACTO DE CERTIFICACIÓNS NO SEU NEGOCIO SEGUNDO A ACTIVIDADE

| Valoración da certificación no negocio | TIPO DE ACTIVIDADE (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | Total |
| Moi negativa | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,5 | 0,0 | 0,2 |
| Negativa | 0,0 | 2,8 | 0,0 | 5,4 | 3,4 | 4,0 |
| Nin positiva nin negativa | 40,0 | 25,2 | 40,0 | 33,2 | 28,8 | 31,0 |
| Positiva | 40,0 | 41,1 | 24,0 | 31,2 | 28,8 | 33,7 |
| Moi positiva | 20,0 | 12,1 | 28,0 | 11,4 | 13,6 | 13,2 |
| Ns / Nc | 0,0 | 18,7 | 8,0 | 18,3 | 25,4 | 17,9 |
| N | 20 | 107 | 25 | 202 | 59 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa resulta moi signficativo en relación á valoración da certificación no negocio, sendo esta máis positiva canto maior é o número de persoas no equipo.

### C.30. VALORACIÓN DO IMPACTO DE CERTIFICACIÓNS NO SEU NEGOCIO SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS /AS

| Valoración da certificación no negocio | Nº DE EMPREGADOS /AS (%) | | | Total |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados/as | De 10 a 49 asalariados /as | De 50 ou máis asalariados/as | |
| Moi negativa | 0,3 | 0,0 | 0,0 | 0,2 |
| Negativa | 4,2 | 0,0 | 0,0 | 4,0 |
| Nin positiva nin negativa | 31,9 | 16,7 | 20,0 | 31,0 |
| Positiva | 32,2 | 54,2 | 60,0 | 33,7 |
| Moi positiva | 12,6 | 25,0 | 20,0 | 13,2 |
| Ns / Nc | 18,8 | 4,2 | 0,0 | 17,9 |
| N | 382 | 24 | 5 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Respecto á condición xurídica, a fenda máis ampla entre Persoas Físicas e Sociedades ten que ver coa calificación do impacto como nin positivo nin negativo, que é moi superior nas Persoas Físicas (41,5% fronte a 28,3%).

### C.31. VALORACIÓN DO IMPACTO DE CERTIFICACIÓNS NO SEU NEGOCIO SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

| Valoración da certificación no negocio | CONDICIÓN XURÍDICA (%) | | Total |
|---|---|---|---|
| | Persoas Físicas | Sociedades | |
| Moi negativa | 0,0 | 0,3 | 0,2 |
| Negativa | 3,7 | 4,0 | 4,0 |
| Nin positiva nin negativa | 41,5 | 28,3 | 31,0 |
| Positiva | 30,5 | 34,7 | 33,7 |
| Moi positiva | 8,5 | 14,6 | 13,2 |
| Ns / Nc | 15,9 | 18,2 | 17,9 |
| N | 82 | 329 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

En canto á provincia na que se sitúa a empresa, resulta interesante destacar que o 61,9% das empresas con sede principal en Lugo valoran como positivo o impacto da certificación de calidade no negocio, unha porcentaxe 28 puntos sobre a media global. A táboa que segue a continuación presenta os resultados para este indicador.

### C.32. VALORACIÓN DO IMPACTO DE CERTIFICACIÓNS NO SEU NEGOCIO SEGUNDO A PROVINCIA

| Valoración da certificación no negocio | PROVINCIA (%) | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Sede fóra de Galicia | |
| Moi negativa | 0,5 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 0,2 |
| Negativa | 7,1 | 0,0 | 0,0 | 1,8 | 0,0 | 4,0 |
| Nin positiva nin negativa | 29,9 | 14,3 | 32,4 | 33,7 | 33,3 | 31,0 |
| Positiva | 34,2 | 61,9 | 24,3 | 32,5 | 16,7 | 33,7 |
| Moi positiva | 14,1 | 14,3 | 16,2 | 11,4 | 16,7 | 13,2 |
| Ns / Nc | 14,1 | 9,5 | 27,0 | 20,5 | 33,3 | 17,9 |
| N | 184 | 21 | 37 | 166 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

## I.5. En síntese

- O número de empresas galegas do sector TIC no ano 2010 situábase en 1.767 empresas e experimentou un crecemento do 14,6% no período 2009-2010.

- O nivel de emprego no sector TIC situóuse no ano 2010 nos 15.851 traballadores / as, o que representa o 1,57% da poboación ocupada galega.

- Galicia é a sétima Comunidade Autónoma con maior número de empresas do sector TIC.

- O 49% das empresas TIC galegas dedícanse a actividades informáticas e o 25,7% desenvolve actividades comerciais.

- O 6,5% das empresas galegas TIC pertence a un grupo empresarial. Destas empresas, un 52,1% son empresas filiais.

- O 49% das empresas TIC galegas dedícanse a actividades informáticas e o 25,7% desenvolve actividades comerciais.

- O 6,5% das empresas galegas TIC pertence a un grupo empresarial. Destas empresas, un 52,1% son empresas filiais.

- O volume de negocio das empresas TIC galegas superou os 2.200 millóns de euros no ano 2010.

- Un 87,8% do volume de negocio corresponde a clientes galegos e un 9,8% ao resto de España.

- Os principais clientes das empresas TIC galegas son as empresas adicadas ao sector servizos e as empresas con menos de 10 asalariados / as.

- Só o 28,1% do persoal das empresas TIC galegas son mulleres.

- O 5,7% das empresas TIC galegas emprega a traballadores / as con discapacidade.

- Os homes teñen maior presenza en todos os postos das empresas TIC, agás nas administrativas, de maior presenza feminina.

- O 34,4% das empresas TIC galegas consideran "doado" ou "moi doado" atopar o perfil que

precisan á hora de contratar persoal con formación en TIC e o 29,2% considérao “difícil” ou “moi difícil”.

- O 13,1% das empresas TIC galegas posúen unha certificación de calidade.

- O principal motivo polo que as empresas TIC non posúen esta certificación é porque non poden asumir o seu custo.

- O 33,7% das empresas TIC consideran positivo o impacto destas certificacións no seu negocio.

# II. ACTIVIDADES DE I+D+I

- O 24,5% das empresas TIC desenvolve actividades relacionadas co I+D+i.
- O 67,5% das empresas TIC que realizaron actividades de I+D+i nos tres últimos anos obtiveron produtos comercializables.

## II.1. Persoal adicado a I+D+i

As empresas TIC teñen como media 1,06 traballadores/as que se dedican a tarefas relacionadas con I+D+i, sendo a maioría baróns. Neste sentido, do total do persoal dedicado a I+D+i nas empresas TIC galegas, un 82,9% son homes e o restante 17,1% son mulleres.

### C.33. MEDIA DE TRABALLADORES / AS EN I+D+i

| | XÉNERO (Nº MEDIO) | | Total |
|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | |
| ADICADOS A I+D+i | 0,87 | 0,18 | 1,06 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

### C.34. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DE TRABALLADORES / AS EN I+D+i

| | XÉNERO (%) | | Total |
|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | |
| ADICADOS A I+D+i | 82,9 | 17,1 | 100,0 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Durante o 2010, o 24,5% das empresas TIC desenvolveu actividades de I+D+i, fronte ao 66,5% que non o fixo.

### G.25. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i NO ANO 2010




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas dedicadas principalmente a actividades informáticas destacan no desenvolvemento de actividades de I+D+i, cun 31,5% de empresas que as levan a cabo. Pola súa banda, as manufactureiras TIC, cun 15%, son as que en menor medida desenvolven actividades deste tipo.

### C.35. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO A ACTIVIDADE

| Actividades I+D+i no ano 2010 | TIPO DE ACTIVIDADE (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | Total |
| Si | 15,0 | 17,9 | 15,4 | 31,5 | 19,0 | 24,5 |
| Non | 85,0 | 78,3 | 61,5 | 59,6 | 65,5 | 66,5 |
| Ns / Nc | 0,0 | 3,8 | 23,1 | 8,9 | 15,5 | 9,0 |
| N | 20 | 106 | 25 | 202 | 59 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O desenvolvemento de actividades de I+D+i está moi relacionado co tamaño da empresa, aumentando as actividades a medida que o fai o tamaño. Así, o 66,7% das empresas con 50 ou máis empregados / as afirmaron realizar actuacións nesta materia, fronte a o 21,5% das de menos de 10 traballadores/as.

### C.36. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

| Actividades I+D+i no ano 2010 | Nº DE EMPREGADOS / AS (%) | | | |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados/as | De 10 a 49 asalariados/as | De 50 ou máis asalariados/as | Total |
| Si | 21,5 | 62,5 | 66,7 | 24,5 |
| Non | 69,4 | 29,2 | 33,3 | 66,5 |
| Ns / Nc | 9,2 | 8,3 | 0,0 | 9,0 |
| N | 382 | 24 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Atendendo á condición xurídica, as actividades de I+D+i son máis frecuentes nas Sociedades (27,7%) que nas Persoas Físicas (12%). O índice de non resposta destas últimas duplica ademais ao das Sociedades.

### C.37. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

| Actividades I+D+i no ano 2010 | CONDICIÓN XURÍDICA (%) | | |
|---|---|---|---|
| | Persoas Físicas | Sociedades | Total |
| Si | 12,0 | 27,7 | 24,5 |
| Non | 73,5 | 64,7 | 66,5 |
| Ns / Nc | 14,5 | 7,6 | 9,0 |
| N | 83 | 329 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Segundo a provincia onde está situada a sede principal da empresa, atopamos que as de Ourense (11,1%) e as que teñen a sede fóra de Galicia (16,7%) son as que en menor medida desenvolven actividades en materia de I+D+i. No extremo oposto, destaca Pontevedra, cun 27,5%.

## C.38. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO A PROVINCIA

| Actividades I+D+i no ano 2010 | PROVINCIA (%) | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Sede fóra de Galicia | |
| Si | 25,1 | 23,8 | 11,1 | 27,5 | 16,7 | 24,5 |
| Non | 66,1 | 66,7 | 77,8 | 64,7 | 50,0 | 66,5 |
| Ns / Nc | 8,7 | 9,5 | 11,1 | 7,8 | 33,3 | 9,0 |
| N | 183 | 21 | 36 | 166 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

## II.2. Actividades desenvolvidas

Durante o período 2008-2010, a porcentaxe de empresas TIC que desenvolveron actividades de I+D+i elévase ao 25,6%.

A media de proxectos relacionados con I+D+i desenvolvidos por estas empresas TIC, sitúase no 10,5, cun investimento medio que supera os 380.000 euros. Unha media de 2,44 proxectos foron desenvolvidos en cooperación con outra empresa ou institución.

### G.26. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON DE ACTIVIDADES DE I+D+i NO PERÍODO 2008-2010




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

### C.39. PROXECTOS RELACIONADOS CO I+D+i

| NÚMERO DE PROXECTOS | | InvestimentoTotal |
|---|---|---|
| Número de proxectos desenvolvidos | Numero de Proxectos en cooperación con outra empresa ou institución | |
| 10,50 | 2,44 | 380.213,54 |

Base: empresas TIC que fixeron actividades de I+D+i no período 2008-2010
Fonte: OSIMGA

G.23. OBTIVO RESULTADOS DE I+D+i COMERCIALIZABLES




Base: empresas TIC que fixeron actividades de I+D+i no período 2008-2010
Fonte: OSIMGA

O 67,5% das empresas que nos últimos tres anos levaron a cabo actividades de I+D+i obtivo resultados comercializables, sobre todo as empresas comerciais (78,9%), doutros servizos (77,8%) e manufactureiras (75%). As adicadas principalmente ás telecomunicacións, pola súa banda, son as que en menor medida obtiveron estes resultados (33,3%).

## II.3. En síntese

- As empresas TIC galegas contan cunha media de 1,06 persoas adicadas a actividades en materia de I+D+i, das que un 82,9% son homes e un 17,1% son mulleres, o que revela unha clara masculinización do sector.

- O 24,5% das empresas leva a cabo actividades de I+D+i, e que garda relación directa co tamaño das empresas.

- O 67,5% das empresas TIC que realizaron actividades de I+D+i nos últimos anos obtivo resultados comercializables.

# III. INNOVACIÓNS ORGANIZATIVAS, COMERCIAIS, DE PRODUTOS E DE PROCESOS

## III.1. Innovacións introducidas nos últimos tres anos

- Un 42,1% das empresas TIC introduciu innovacións nos seus bens e un 34,1% incoroporou servizos novos ou mellorados durante o período 2008-2010.
- Os sistemas de xestión dos coñecementos destinados a mellorar a utlización ou intercambio de información e as actividades de apoio aos seus procesos son as principais innovacións das empresas TIC galegas.

Durante o período 2008-2010, un 42,1% das empresas TIC introduciu novidades nos seus bens, ou os mellorou significativamente, e un 34,1% fixo o propio cos servizos que oferta.

**G.27. INTRODUCIÓN DE BENS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2008-2010**




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

### G.28. INTRODUCIÓN DE SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2008-2010




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas adicadas principalmente a outros servizos (52,5%) e a actividades comerciais (45,3%) destacan na introdución de bens novos ou na mellora significativa dos mesmos no período estudado, mentres que as de telecomunicacións se sitúan sobre a media na incorporación de novidades nos servizos ou na mellora destes, e acadan un 48%.

### G.29. INTRODUCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2008-2010 SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

As empresas de entre 10 e 49 traballadores/as introducen novidades ou melloras en maior medida que o resto tanto nos seus bens coma no seus servizos. Pola súa banda, a metade exacta das empresas de maior tamaño recoñeceron ter introducido innovacións neste sentido, ao tempo que os datos para as empresas con menos de 10 empregados / as sitúanse por baixo da media.

**G.30. INTRODUCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2008-2010 SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS**

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Segundo a condición xurídica da empresa, a introdución de innovacións nos bens ou nos servizos ofertados é moi similar entre Persoas Físicas e Sociedades, mais é levemente superior nestas últimas.

## G.31. INTRODUCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2008-2010 SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

Na análise por provincias, destacan as empresas con sede fóra da comunidade, sobre todo no que a innovacións en servizos se refire. Así, un 83,3% das empresas con sede fóra de Galicia declarou ter introducido servizos novos ou mellorados de maneira significativa. O peor dato para este criterio corresponde ás empresas ubicadas en Ourense.

## G.32. INTRODUCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2008-2010 SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

O 45,5% das empresas TIC galegas que introduciron bens ou servizos novos ou mellorados de xeito significativo fixérono como novidade unicamente para a súa empresa, mentres que o 40,9% os introduciron de cara ao seu mercado.

## G.33. NOVIDADE DAS INNOVACIÓNS INTRODUCIDAS NOS ÚLTIMOS TRES ANOS

(% empresas TIC que introduciron na súa empresa bens ou servizos novos mellorados de maneira significativa no período 2008-2010)




**Fonte: OSIMGA**

De entre as diferentes melloras ou novidades en bens ou servizos introducidos polas empresas TIC, destacan os sistemas de xestión dos coñecementos (55,6%) e as actividades de apoio para os seus procesos (53,5%). No extremo oposto, as que teñen que ver cos sistemas loxísticos ou métodos de entrega e distribución obteñen a porcentaxe máis baixa (20,2%).

## C.40. TIPOLOXÍA DE BENS OU SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS

| TIPOLOXÍA DE BENS OU SERVIZOS NOVOS MELLORADOS | SI | NON | NS / NC |
|---|---|---|---|
| Métodos de fabricación ou produción de bens ou servizos | 27,5 | 63,6 | 8,9 |
| Sistemas loxísticos ou métodos de entrega ou distribución | 20,2 | 71 | 8,7 |
| Actividades de apoio para os seus procesos, como sistemas de mantenemento ou operacións informáticas, de compra ou de contabilidade | 53,5 | 38,2 | 8,4 |
| Sistemas de xestión dos coñecementos destinados a mellorar a utilización ou o intercambio de información , coñecementos e competencias dentro da súa empresa | 55,6 | 36 | 8,4 |
| Na organización do traballo e na estrutura de xestión así como na integración de distintos departamentos ou actividades | 48,5 | 42,2 | 9,3 |
| Nas súas relacións con outras empresas ou institucións públicas por exemplo, mediante alianzas, asociación, externalización ou subcontratación | 33,3 | 56,5 | 10,2 |

Base: empresas TIC que introduciron bens ou servizos novos mellorados de maneira significativa no período 2008-2010
Fonte: OSIMGA

## G.34. COOPERACIÓNS DAS EMPRESAS TIC NALGUNHA ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN CON OUTRAS COMPAÑÍAS OU ENTIDADES




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Seguindo co período 2008-2010, un 20,7% das empresas TIC galegas cooperou nalgunha das súas actividades de innovación con outras compañías ou entidades, con diferenzas segundo a actividade principal de empresa. Así, apenas o 15% das manufactureiras TIC estableceron algún tipo de cooperación neste sentido, fronte ao 26,7% das empresas doutros servizos.

## C.41. COOPERACIÓNS DAS EMPRESAS TIC NALGUNHA ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN CON OUTRAS COMPAÑÍAS OU ENTIDADES SEGUNDO A ACTIVIDADE

| **Cooperaron no período 2008-2010 con outras compañías ou entidades** | **TIPO DE ACTIVIDADE (%)** | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | |
| Si | 15,0 | 26,4 | 20,0 | 16,7 | 26,7 | 20,7 |
| Non | 75,0 | 64,2 | 72,0 | 72,9 | 68,3 | 70,2 |
| Ns / Nc | 10,0 | 9,4 | 8,0 | 10,3 | 5,0 | 9,1 |
| N | 20 | 106 | 25 | 202 | 59 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A cooperación con outras compañías ou entidades no desenvolvemento de actividades de innovación é máis común nas grandes empresas, e diminúe conforme o fan o número de empregados/as. Deste xeito, dous terzos das empresas con máis de 50 empregados / as recoñeceu ter cooperado con outras nalgunha das súas actividades de innovación, fronte ao 18,6% das que teñen equipos inferiores ás 10 persoas.

### C.42. COOPERACIÓNS DAS EMPRESAS TIC NALGUNHA ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN CON OUTRAS COMPAÑÍAS OU ENTIDADES SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS

| Cooperaron no período 2008-2010 con outras compañías ou entidades | Nº DE EMPREGADOS /AS (%) | | | |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados /as | De 10 a 49 asalariados / as | De 50 ou máis asalariados / as | Total |
| Si | 18,6 | 41,7 | 66,7 | 20,7 |
| Non | 72,8 | 41,7 | 16,7 | 70,2 |
| Ns / Nc | 8,6 | 16,7 | 16,7 | 9,1 |
| N | 382 | 24 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A cooperación neste sentido é máis frecuente entre as Sociedades (21,6%) que entre as Persoas Físicas (16,9%).

### C.43. COOPERACIÓNS DA SÚA EMPRESA NALGUNHA ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN CON OUTRAS COMPAÑÍAS OU ENTIDADES SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

| Cooperaron 2008-2010 con outras compañías ou entidades | CONDICIÓN XURÍDICA (%) | | |
|---|---|---|---|
| | Persoas Físicas | Sociedades | Total |
| Si | 16,9 | 21,6 | 20,7 |
| Non | 65,1 | 71,4 | 70,2 |
| Ns / Nc | 18,1 | 7,0 | 9,1 |
| N | 83 | 329 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

### C.44. TIPOLOXÍA DE COOPERACIÓN E LOCALIZACIÓN DO PAÍS

| TIPOLOXÍA DE COOPERACIÓN | España | Outro país de Europa | EEUU | Os demais países | Non coopero u con este tipo de socio | Ns ( nc |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Outras empresas do mesmo grupo | 50,9 | 2,3 | 0,3 | 3,5 | 20,6 | 26,3 |
| Provedores de equipos, material, componentes o software | 44,7 | 15,6 | 4 | 3,7 | 14,4 | 34 |
| Clientes | 62,9 | 5,1 | 4,2 | 0,7 | 11,7 | 23,9 |
| Competidores u outras empresas do sector | 52,2 | 10,5 | 9 | 4,6 | 17,7 | 29,8 |
| Consultores laboratorios comerciais o institutos privados de I+D | 34,6 | 2,2 | 5,2 | 0,4 | 29,4 | 32,8 |
| Universidades ou outros centros de ensinanza superior | 38,1 | 1,1 | 3,5 | 0,0 | 27,6 | 31,3 |
| Centros tecnolóxicos | 29,9 | 1,1 | 3,5 | 0,3 | 31,2 | 35,9 |
| Outro tipo de socio | 24,5 | 0,0 | 0,0 | 0,3 | 38,3 | 36,9 |

Base: empresas TIC que cooperaron con actividades de innovación con outras compañías ou entidades
Fonte: OSIMGA

Se analizamos o tipo de socios cos que cooperaron as empresas TIC e os países de localización dos mesmos, obtemos que as relacións máis comúns son con clientes do territorio español (62,9%), seguidas do contacto con outros competidores e outras empresas do sector tamén españolas (52,2%). A cooperación con outros paises segue a ser moi baixa, sobre todo cos de fóra de Europa.

## III.2. Solicitude de patentes

- Só un 3% das empresas TIC galegas solicitou patentes para protexer as súas invencións ou innovacións no período 2008-2010.

### G.35. SOLICITUDE DE PATENTES NO PERÍODO 2008-2010




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A solicitude de patentes por parte das empresas TIC galegas co fin de protexer as súas invencións ou innovacións é moi escasa, e acada apenas o 3%. As empresas que en maior medida solicitaron patentes son as manufactureiras TIC (9,5%), mentres que as doutros servizos e as comerciais TIC se manteñen por baixo do 2% de solicitudes.

### C.45. SOLICITUDE DE PATENTES NO PERÍODO 2008-2010 SEGUNDO A ACTIVIDADE

| Patente no 2008-2010 | TIPO DE ACTIVIDADE (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | Total |
| Si | 9,5 | 1,9 | 3,8 | 4,0 | 1,7 | 3,0 |
| Non | 85,7 | 94,3 | 80,8 | 88,6 | 94,9 | 90,6 |
| Ns / Nc | 4,8 | 3,8 | 15,4 | 7,4 | 3,4 | 6,3 |
| N | 20 | 106 | 25 | 202 | 59 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Segundo o tamaño da empresa, obsérvase que a medida que éste aumenta, o fan tamén as solicitudes de patentes para protexer invencións ou innovacións, que acadan o valor máximo (16,7%) nas empresas con 50 ou máis empregados / as.

### C.46. SOLICITUDE DE PATENTES NO PERÍODO 2008-2010 SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS /AS

| Patente no 2008-2010 | Nº DE EMPREGADOS /AS (%) | | | Total |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados /as | De 10 a 49 asalariados /as | De 50 ou máis asalariados/as | |
| Si | 2,4 | 12,0 | 16,7 | 3,0 |
| Non | 91,1 | 84,0 | 83,3 | 90,6 |
| Ns / Nc | 6,5 | 4,0 | 0,0 | 6,3 |
| N | 382 | 24 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Nestes tres últimos anos as empresas TIC rexistraron maioritariamente marcas (6,4%), deseños ou modelos industriais (3,9%) e dereitos de autor (1,3%).

### C.47. SOLICITUDE DOUTRO TIPO DE DEREITOS DE PROPIEDADE INTELECTUAL E INDUSTRIAL

| OUTROS DEREITOS DE PROPIEDADE INTELECTUAL E INDUSTRIAL | SI | NON | NS / NC |
|---|---|---|---|
| Algún deseño ou modelo industrial | 3,9 | 86,5 | 9,6 |
| Algunha marca | 6,4 | 84,6 | 9,0 |
| Dereitos de autor | 1,3 | 89,8 | 8,9 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

## III.3. En síntese

- Un 42,1% das empresas TIC introduciu innovacións nos seus bens e un 34,1% incoroporou servizos novos ou mellorados durante o período 2008-2010.

- Os sistemas de xestión dos coñecementos destinados a mellorar a utlización ou intercambio de información e as actividades de apoio aos seus procesos son as principais innovacións das empresas TIC galegas.

- Só un 3% das empresas TIC galegas solicitou patentes para protexer as súas invencións ou innovacións no período 2008-2010.

# IV. EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO

Neste cuarto capítulo analízase o equipamento tecnolóxico e o acceso a servizos da Sociedade da Información. O primeiro epígrafe céntrase nos equipamentos TIC das empresas, mentres que o segundo aborda diversos aspectos relacionados co uso das tecnoloxías.

Con posterioridade, indágase nos servizos empregados a través de Internet, ofrecendo unha primeira aproximación referente ao acceso, á tecnoloxía e á velocidade contratadas, para analizar a continuación as interaccións coas Administracións Públicas, o emprego da sinatura dixital e o emprego de elementos de seguridade nas empresas.

O último epígrafe céntrase nas páxinas web. Así mesmo, analízase a disposición de dominio propio, e outros aspectos como son a actualización de contidos, o cumprimento das normas de accesibilidade, o idioma dos contidos da páxina, así como a elaboración e mantenemento dos mesmos, entre outros.

## IV. 1. Equipamento tecnolóxico

- Os equipamentos con maior presenza nas empresas TIC son o ordenador seguido da rede de área local (LAN) e a telefonía móbil para uso empresarial. Pola contra, os menos presentes son a Extranet e a Videoconferencia.
- Con carácter xeral o equipamento tecnolóxico das empresas TIC galegas aumenta conforme o fai o tamaño das mesmas.

### G.36. EQUIPAMENTOS EN TIC

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

Os equipamentos máis empregados nas empresas TIC son o ordenador, seguido da rede de área local (LAN) e a telefonía móbil para uso empresarial. Pola contra os menos empregados son a Extranet e a Videoconferencia.

## C.48. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE

| Equipamentos en TIC<br>% de resposta múltiple | TIPO DE ACTIVIDADE (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | Total |
| Ordenador | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 |
| Sistema operativo de código libre-linux | 30,0 | 29,2 | 8,0 | 53,5 | 47,5 | 42,3 |
| Rede de área local | 75,0 | 92,5 | 56,0 | 95,6 | 87,9 | 90,2 |
| Rede de área local sen fíos | 90,0 | 79,2 | 50,0 | 83,7 | 86,4 | 81,6 |
| Servidores para bases de datos | 55,0 | 69,8 | 40,0 | 78,7 | 75,9 | 72,3 |
| Intranet corporativo | 30,0 | 40,6 | 20,0 | 50,2 | 42,4 | 43,8 |
| Extranet | 20,0 | 29,9 | 8,3 | 34,7 | 22,0 | 29,2 |
| Videoconferencia | 35,0 | 23,6 | 20,0 | 44,6 | 39,0 | 36,3 |
| Telefonía móbil para uso empresarial | 81,0 | 91,6 | 72,0 | 86,6 | 91,5 | 87,6 |
| N | 20 | 106 | 25 | 202 | 59 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O ordenador está presente en todas as empresas TIC. A rede de área local é empregada polo 95,6% das empresas que se adican á informática, pola contra a rede de área local sen fíos emprégase no 90,0% das empresas. O sistema operativo de código aberto - Linux é usado por unha minoría de empresas se temos en conta a súa actividade, sendo a porcentaxe inferior nas empresas de telecomunicacións cun 8,0%.

Ademais as empresas do sector de actividades informáticas son as máis equipadas tecnoloxicamente e as relacionadas coas telecomunicacións as menos equipadas.

### C.49. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

| Equipamentos en TIC<br>% de resposta múltiple | Nº DE EMPREGADOS/AS (%) | | | |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados /as | De 10 a 49 asalariados/ as | De 50 ou máis asalariados /as | Total |
| Ordenador | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 |
| Sistema operativo de código libre-linux | 41,4 | 56,0 | 50,0 | 42,3 |
| Rede de área local | 89,5 | 100,0 | 100,0 | 90,2 |
| Rede de área local sen fíos | 81,2 | 83,3 | 100,0 | 81,6 |
| Servidores para bases de datos | 70,4 | 95,8 | 100,0 | 72,3 |
| Intranet corporativo | 41,4 | 72,0 | 83,3 | 43,8 |
| Extranet | 26,8 | 58,3 | 66,7 | 29,2 |
| Videoconferencia | 35,2 | 41,7 | 83,3 | 36,3 |
| Telefonía móbil para uso empresarial | 87,1 | 92,0 | 100,0 | 87,6 |
| N | 382 | 24 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Se observamos o tamaño da empresa a porcentaxe de ordenadores e de rede de área local, aproxímanse, aínda que segue sendo lixeiramente superior o de ordenadores. Destaca a presenza de servidores para bases de datos cun 100% nas empresas de 50 ou máis asalariados, igual que no caso da telefonía móbil para uso empresarial. A tendencia observada é cara a un maior equipamento en TIC conforme aumenta o tamaño das empresas. Porén, compre tomar estes datos con precaución debido ao escaso número de enquisas en empresas de 50 ou máis asalariados/as.

### C.50. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

| Equipamentos en TIC<br>% de resposta múltiple | CONDICIÓN XURÍDICA (%) | | |
|---|---|---|---|
| | Persoas Físicas | Sociedades | Total |
| Ordenador | 100,0 | 100,0 | 100,0 |
| Sistema operativo de código libre-linux | 40,5 | 42,9 | 42,3 |
| Rede de área local | 81,9 | 92,4 | 90,2 |
| Rede de área local sen fíos | 77,1 | 82,9 | 81,6 |
| Servidores para bases de datos | 66,3 | 73,9 | 72,3 |
| Intranet corporativo | 21,7 | 49,4 | 43,8 |
| Extranet | 24,1 | 30,5 | 29,2 |
| Videoconferencia | 30,1 | 37,9 | 36,3 |
| Telefonía móbil para uso empresarial | 92,8 | 86,3 | 87,6 |
| N | 83 | 329 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A condición xurídica é a variable que máis parece incidir nos equipamentos dos que dispoñen as empresas, con fendas moi amplas nalgúns dos equipamentos. A presenza de equipamentos TIC nas sociedades e outras formas xurídicas é superior en xeral á das persoas físicas, e chega mesmo a duplicar en determinados equipamentos coma a intranet corporativa.

Se atendemos á distribución territorial das empresas observamos que as radicadas nas provincias da Coruña e Pontevedra dispoñen, en xeral, dun maior equipamento TIC que as que teñen a súa sede nas outras dúas provincias galegas.

## C.51. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO A PROVINCIA

| Equipamentos en TIC<br>% de resposta múltiple | PROVINCIA (%) | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Sede fóra de Galicia | |
| Ordenador | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 | 100,0 |
| Sistema operativo de código libre-linux | 44,3 | 33,3 | 32,4 | 43,4 | 50,0 | 42,3 |
| Rede de área local | 88,5 | 76,2 | 91,9 | 94,5 | 66,7 | 90,2 |
| Rede de área local sen fíos | 82,5 | 66,7 | 56,8 | 88,5 | 50,0 | 81,6 |
| Servidores para bases de datos | 76,0 | 61,9 | 62,2 | 72,1 | 66,7 | 72,3 |
| Intranet corporativa | 43,2 | 52,4 | 33,3 | 45,2 | 50,0 | 43,8 |
| Extranet | 29,0 | 38,1 | 27,8 | 28,9 | 16,7 | 29,2 |
| Videoconferencia | 33,3 | 28,6 | 45,9 | 37,3 | 50,0 | 36,3 |
| Telefonía móbil para uso empresarial | 84,2 | 100,0 | 81,1 | 92,2 | 66,7 | 87,6 |
| N | 183 | 21 | 36 | 166 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

# IV. 2. Sistemas informáticos

- O 28,5% das empresas TIC galegas teletraballan.
- As ferramentas informáticas máis estendidas entre as empresas TIC galegas son as relacionadas coa xestión de clientes e provedores (79%), a xestión administrativa de vendas e compras (74,7%) e a xestión contable e financeira (73,7%).
- O 39,9% das empresas TIC galegas intercambia datos de xeito automatizado. Destas empresas, un 75,8% recibe facturas electrónicas e un 59,5% envíaas.
- O 22,4% das empresas TIC galegas comparten información electronicamente con provedores e clientes, sendo a información compartida máis común a que ten que ver co estado dos envíos.
- O 20% das empresas TIC galegas dispón de ERP, e o 21,5% de CRM.

Un 28,5% das empresas TIC galegas acceden a redes telemáticas externas á empresa para conectarse a sistemas TIC é dicir, teletraballan. Por actividades, este acceso a redes telemáticas é maior nas empresas de actividades informáticas e menor nas de telecomunicacións e nas manufactureiras TIC.

**G.37. EMPRESAS TIC QUE TELETRABALLAN**




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

## G.38. EMPRESAS TIC QUE TELETRABALLAN SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

Tamén é maior a porcentaxe de empresas TIC que teletraballan canto máis grande é o tamaño das empresas. Ao mesmo tempo semella que a condición xurídica tamén é unha variable importante, xa que as sociedades e outras formas xurídicas presentan uns índices de emprego de teletraballo superiores ás persoas físicas.

## G.39. EMPRESAS TIC QUE TELETRABALLAN SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

### G.40. EMPRESAS TIC QUE TELETRABALLAN SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Finalmente, as empresas que teñen a súa sede na provincia de Ourense presentan as porcentaxes relativas ao teletraballo máis baixas, contrastando coas da provincia de Pontevedra que amosan as porcentaxes máis elevadas.

### G.41. EMPRESAS TIC QUE TELETRABALLAN SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Sobre o total de empresas con persoal que teletraballa (28,5%), a casa é o lugar prioritario de acceso (78,3%). Outras localizacións destacadas son as instalacións de clientes ou empresas asociadas (66,1%) e os hoteis e aeroportos durante as viaxes de negocios (56,6%).

### G.42. LUGAR DE ACCESO AO TELETRABALLO

(% empresas TIC que teñen empregados / as que teletraballan )




**Fonte: OSIMGA**

O 79% das empresas TIC galegas utiliza ferramentas informáticas para a xestión de clientes e provedores e o 74,7% para a xestión administrativa de vendas e compras. En valores próximos, sitúase o uso de ferramentas informáticas de xestión contable e financeira (73,7%). As ferramentas de xestión de produción e loxística presentan un uso inferior, con porcentaxes do 45% e do 40,1% respectivamente.

### C.52. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS

| FERRAMENTAS INFORMÁTICAS | SI | NON | NS / NC |
|---|---|---|---|
| Xestión contable e financeira | 73,7 | 22,7 | 3,5 |
| Xestión administrativa de vendas e compras | 74,7 | 21,1 | 4,2 |
| Xestión de clientes e provedores | 79,0 | 16,1 | 4,9 |
| Xestión de produción | 45,0 | 49,5 | 5,5 |
| Xestión de loxística | 40,1 | 55,2 | 4,7 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Por actividade, son as empresas manufactureiras TIC as que fan, en xeral, un maior uso de ferramentas informáticas de xestión. Tamén compre destacar que as de telcomunicacións son as que máis empregan ferramentas informáticas de xestión de produción e loxística, só superadas, como xa mencionáramos, polas manufactureiras TIC.

### C.53. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

| Emprego de ferramentas informáticas<br>% de resposta múltiple | TIPO DE ACTIVIDADE (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | Total |
| Xestión contable e financieira | 85,0 | 68,9 | 68,0 | 76,2 | 71,2 | 73,7 |
| Xestión administrativa de vendas e compras | 80,0 | 81,1 | 76,0 | 69,2 | 79,7 | 74,7 |
| Xestión de clientes e provedores | 80,0 | 83,8 | 84,0 | 75,7 | 79,7 | 79,0 |
| Xestión de produción | 70,0 | 37,7 | 56,0 | 49,3 | 28,8 | 45,0 |
| Xestión de loxística | 55,0 | 49,1 | 48,0 | 31,7 | 44,1 | 40,1 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Se consideramos o tamaño das empresas TIC polo número de traballadores/as, as de 10 ou máis empregados/as son as que presentan porcentaxes máis elevadas de utilización das diferentes ferramentas informáticas. Se consideramos a condición xurídica, as sociedades empregan máis as ferramentas informáticas de xestión contable e financeira, de xestión de compras e vendas e de xestión de produción, e as empresas consideradas como persoas físicas empregan en maior medida as ferramentas de xestión de clientes e provedores e de loxística.

### C.54. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO Nº DE EMPREGADOS /AS

| Emprego de ferramentas informáticas<br>% de resposta múltiple | Nº DE EMPREGADOS /AS (%) | | | |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados /as | De 10 a 49 asalariados/as | De 50 ou máis asalariados /as | Total |
| Xestión contable e financeira | 72,3 | 88,0 | 100,0 | 73,7 |
| Xestión administrativa de vendas e compras | 73,8 | 87,5 | 83,3 | 74,7 |
| Xestión de clientes e provedores | 78,3 | 87,5 | 100,0 | 79,0 |
| Xestión de produción | 42,9 | 69,6 | 83,3 | 45,0 |
| Xestión de loxística | 38,4 | 58,3 | 80,0 | 40,1 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

### C.55. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

| Emprego de ferramentas informáticas<br>% de resposta múltiple | CONDICIÓN XURÍDICA (%) | | |
|---|---|---|---|
| | Persoas Físicas | Sociedades | Total |
| Xestión contable e financeira | 66,3 | 75,6 | 73,7 |
| Xestión administrativa de vendas e compras | 71,4 | 75,4 | 74,7 |
| Xestión de clientes e provedores | 82,1 | 78,1 | 79,0 |
| Xestión de produción | 34,9 | 47,6 | 45,0 |
| Xestión de loxística | 43,4 | 39,2 | 40,1 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

### C.56. EMPREGO DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS SEGUNDO A PROVINCIA

| Emprego de ferramentas informáticas<br>% de resposta múltiple | PROVINCIA (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Sede fóra de Galicia | Total |
| Xestión contable e financeira | 78,0 | 81,8 | 40,5 | 75,9 | 60,0 | 73,7 |
| Xestión administrativa de vendas e compras | 72,7 | 81,0 | 54,1 | 81,4 | 50,0 | 74,7 |
| Xestión de clientes e provedores | 77,6 | 85,7 | 69,4 | 82,5 | 66,7 | 79,0 |
| Xestión de produción | 39,9 | 76,2 | 35,1 | 50,0 | 16,7 | 45,0 |
| Xestión de loxística | 35,5 | 76,2 | 32,4 | 42,8 | 16,7 | 40,1 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O 39,9% das empresas TIC galegas intercambia datos de xeito automatizado. O intercambio automatizado de datos é superior nas empresas comerciais (44,3%) e nas de actividades informáticas (42,8%), e menor nas de telecomunicacións (24%) e nas manufactureiras TIC (15%).

### G.43. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

### G.44. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

Considerando o número de empregados/as, as empresas de 10 a 49 asalariados son as que presentan porcentaxes de realización de intercambio de datos maiores (66,7% das mesmas).

Dende o punto de vista da condición xurídica da empresa, as persoas físicas fan uso do intercambio automatizado de datos en menor medida que as sociedades e outras formas xurídicas (28,9% fronte a 42,6%).

### G.45. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

### G.46. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

Por provincias as empresas con sede na provincia da Coruña e as de Pontevedra son as que realizan intercambio de datos de xeito máis destacado.

## G.47. REALIZACIÓN DE INTERCAMBIO DE DATOS SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

Das empresas TIC galegas que intercambian datos de xeito automatizado, un 88% enviou pedidos aos seus provedores, un 86,7% intercambiou información sobre produtos, un 75,8% recibiu pedidos de clientes e facturas electrónicas e un 75,2% enviou instrucións de pago a entidades bancarias. A tipoloxía de intercambio automatizado de datos menos empregada polas empresas foi o intercambio automatizado de información coas Administracións Públicas.

## C.57. TIPOLOXÍA DE INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS

| TIPOLOXÍAS DE INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS | SI | NON | NS / NC |
|---|---|---|---|
| Envío de pedidos aos seus provedores | 88,0 | 9,6 | 2,3 |
| Recepción de facturas electrónicas | 75,8 | 23,4 | 0,7 |
| Recepción de pedidos de clientes | 75,8 | 21,7 | 2,5 |
| Envío de facturas electrónicas | 59,5 | 38,3 | 2,1 |
| Envío ou recepción de información sobre produtos | 86,7 | 12,3 | 1,0 |
| Envío ou recepción de documentación sobre transporte, envío de entregas | 58,8 | 38,6 | 2,6 |
| Envío de instrucións de pago a entidades bancarias | 75,2 | 22,8 | 2,0 |
| Intercambio automatizado de información coas Adminitracións Públicas | 55,4 | 42,4 | 2,2 |

Base: empresas TIC que intercambiaron automatizadamente datos
Fonte: OSIMGA

## C.58. TIPOLOXÍA DE INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS SEGUNDO A ACTIVIDADE

| Tipoloxía de mensaxes automatizadas intercambiadas<br>% de resposta múltiple | TIPO DE ACTIVIDADE (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | Total |
| Envío de pedidos aos provedores | 100,0 | 97,9 | 100,0 | 82,6 | 90,5 | 88,0 |
| Recepción de facturas electrónicas | 66,7 | 85,4 | 66,7 | 73,3 | 66,7 | 75,8 |
| Recepción de pedidos de clientes | 66,7 | 76,6 | 57,1 | 76,2 | 76,2 | 75,8 |
| Envío de facturas electrónicas | 66,7 | 61,7 | 50,0 | 57,3 | 68,2 | 59,5 |
| Envio ou recepción de información sobre produtos | 66,7 | 95,7 | 100,0 | 81,4 | 90,5 | 86,7 |
| Envio ou recepción de documentación sobre transporte, envío de entregas | 66,7 | 72,3 | 57,1 | 51,8 | 57,1 | 58,8 |
| Envío de instrucións de pago a entidades bancarias | 66,7 | 77,1 | 100,0 | 75,6 | 66,7 | 75,2 |
| Intercambio automatizado de información coa Administración Pública | 50,0 | 50,0 | 57,1 | 62,2 | 42,9 | 55,4 |

Base: empresas TIC que realizan intercambio automatizado de datos
Fonte: OSIMGA

## C.59. TIPOLOXÍA DE INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

| Tipoloxía de mensaxes automatizadas intercambiadas<br>% de resposta múltiple | Nº DE EMPREGADOS / AS (%) | | | |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados / as | De 10 a 49 asalariados / as | De 50 ou máis asalariados / as | Total |
| Envío de pedidos aos provedores | 89,0 | 75,0 | 75,0 | 88,0 |
| Recepción de facturas electrónicas | 76,6 | 68,8 | 66,7 | 75,8 |
| Recepción de pedidos de clientes | 76,2 | 71,4 | 66,7 | 75,8 |
| Envío de facturas electrónicas | 60,6 | 46,7 | 75,0 | 59,5 |
| Envio ou recepción de información sobre produtos | 87,6 | 86,7 | 66,7 | 86,7 |
| Envio ou recepción de documentación sobre transporte, envío de entregas | 58,0 | 66,7 | 66,7 | 58,8 |
| Envío de instrucións de pago a entidades bancarias | 74,6 | 81,3 | 66,7 | 75,2 |
| Intercambio automatizado de información coa Administración Pública | 51,4 | 86,7 | 100,0 | 55,4 |

Base: empresas TIC que realizan intercambio automatizado de datos
Fonte: OSIMGA

Atendendo á condición xurídica, obsérvanse diferenzas na tipoloxía de mensaxes automatizadas intercambiadas, e así, as persoas físicas envían pedidos aos provedores, reciben e envían facturas electrónicas, e envían ou reciben información sobre produtos en maior medida que as sociedades e outras formas xurídicas. Pola súa parte, estas intercambian información automatizada coa Administración Pública en maior medida que as persoas físicas.

### C.60. TIPOLOXÍA DE INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

| Tipoloxía de mensaxes automatizadas intercambiadas<br>% de resposta múltiple | CONDICIÓN XURÍDICA (%) | | |
|---|---|---|---|
| | Persoas Físicas | Sociedades | Total |
| Envío de pedidos aos provedores | 100,0 | 85,8 | 88,0 |
| Recepción de facturas electrónicas | 100,0 | 72,1 | 75,8 |
| Recepción de pedidos de clientes | 79,2 | 75,2 | 75,8 |
| Envío de facturas electrónicas | 91,7 | 54,4 | 59,5 |
| Envio ou recepción de información sobre produtos | 100,0 | 84,4 | 86,7 |
| Envio ou recepción de documentación sobre transporte, envío de entregas | 83,3 | 54,7 | 58,8 |
| Envío de instrucións de pago a entidades bancarias | 91,7 | 72,8 | 75,2 |
| Intercambio automatizado de información coa Administración Pública | 43,5 | 57,7 | 55,4 |

Base: empresas TIC que realizan intercambio automatizado de datos
Fonte: OSIMGA

O 22,4% das empresas TIC galegas compartiron información electronicamente con provedores e clientes, principalmente cos seus provedores, para verificar o estado dos envíos. As empresas comerciais TIC son as que en maior medida comparten información electrónica cos seus clientes e provedores e as de telecomunicacións as que o fan en menor medida.

### G.48. COMPARTIR ELECTRONICAMENTE INFORMACIÓN SOBRE A CADEA DE SUBMINISTROS COS SEUS PROVEDORES OU CLIENTES DE FORMA REGULAR




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

### G.49. COMPARTIR ELECTRONICAMENTE INFORMACIÓN SOBRE A CADEA DE SUBMINISTROS COS SEUS PROVEDORES OU CLIENTES DE FORMA REGULAR SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

### G.50. COMPARTIR ELECTRONICAMENTE INFORMACIÓN SOBRE A CADEA DE SUBMINISTROS COS SEUS PROVEDORES OU CLIENTES DE FORMA REGULAR SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

Se atendemos á condición xurídica das empresas, as sociedades comparten electronicamente información con clientes e provedores en maior medida que as empresas consideradas como persoas físicas (24,7% frente a 13,3%).

## G.51. COMPARTIR ELECTRONICAMENTE INFORMACIÓN SOBRE A CADEA DE SUBMINISTROS COS SEUS PROVEDORES OU CLIENTES DE FORMA REGULAR SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

O estado dos envíos e o tipo de información electrónica que máis comparten as empresas cos seus provedores (74%) e clientes (60,5%).

## C.60. TIPOLOXÍA DE INFORMACIÓN ELECTRÓNICA COMPARTIDA CON PROVEDORES E CLIENTES

| TIPOLOXÍA DE INFORMACIÓN ELECTRÓNICA COMPARTIDA | SI | NON | NS / NC |
|---|---|---|---|
| Niveis de inventario, plans de produción e previsión de demanda | 58,5 | 33,3 | 8,2 |
| Estado de envíos | 74,0 | 21,4 | 4,6 |
| Niveis de inventario, plans de produción e previsións de demanda | 34,2 | 55,3 | 10,4 |
| Estado de envíos | 60,5 | 38,5 | 1,0 |

Base: empresas TIC que compartiron información electrónica con provedores e clientes
Fonte: OSIMGA

## C.61. TIPOLOXÍA DE INFORMACIÓN ELECTRÓNICA COMPARTIDA CON PROVEDORES E CLIENTES SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

| TIPOLOXÍA DE INFORMACIÓN ELECTRÓNICA COMPARTIDA<br>**% de resposta múltiple** | CONDICIÓN XURÍDICA (%) | | |
|---|---|---|---|
| | Persoas Físicas | Sociedades | Total |
| Niveis de inventario, plans de produción e previsión de demanda | 36,4 | 61,0 | 58,5 |
| Estado de envíos | 81,8 | 72,8 | 74,0 |
| Niveis de inventario, plans de produción e previsións de demanda | 36,4 | 32,9 | 34,2 |
| Estado de envíos | 81,8 | 58,0 | 60,5 |

Base: empresas TIC que compartiron información electrónica con provedores e clientes
Fonte: OSIMGA

Se temos en conta a integración da información dentro da empresa, destaca a área de contabilidade, cun 29,9%, no caso da información recibida e a área de xestión de stocks (35,6%) no tocante á información enviada.

## C.62. INFORMACIÓN RECIBIDA / ENVIADA ELECTRÓNICAMENTE

| Áreas da empresa que recibían información automática de pedidos | | SI | NON | NS / NC |
|---|---|---|---|---|
| RECIBIDA | Xestión de stocks | 28,4 | 60,3 | 11,3 |
| | Contabilidade | 29,9 | 60,8 | 9,3 |
| | Xestión de produción | 26,8 | 63,5 | 9,7 |
| ENVIADA | Xestión de distribución | 26,7 | 62,6 | 10,8 |
| | Xestión de stocks | 35,6 | 52,6 | 11,7 |
| | Contabilidade | 33,9 | 56,1 | 10,0 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Conforme ao tipo de actividade, as Telecomunicacións destacan na área de contabilidade cun 36% en información recibida e un 37,5% en información enviada; mentres que en xestión de *stocks* destacan as empresas comerciais TIC.

### C.63. TIPOLOXÍA DE INFORMACIÓN ELECTRÓNICA RECIBIDA/ENVIADA SEGUNDO A ACTIVIDADE

| Áreas da empresa que recibían información automática de pedidos<br>% de resposta múltiple | TIPO DE ACTIVIDADE (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | Total |
| Recibida: Xestión de stocks | 15,0 | 43,4 | 23,1 | 19,8 | 38,3 | 28,4 |
| Recibida: Contabilidade | 25,0 | 29,0 | 36,0 | 31,7 | 25,4 | 29,9 |
| Recibida: Xestión de produción | 30,0 | 22,6 | 20,0 | 28,2 | 31,7 | 26,8 |
| Recibida: Xestión de distribución | 20,0 | 28,3 | 20,0 | 24,6 | 35,6 | 26,7 |
A provincia da empresa amosa tamén diferenzas en canto as vendas a través de Internet, de xeito que as que teñen a sede fóra de Galicia e as situadas en Lugo destacan neste aspecto, con porcentaxes do 50% e o 47,6% respectivamente. As de Pontevedra, cun 28,3%, sitúanse lixeiramente por riba da media, ao tempo que as da Coruña e Ourense presentan os valores máis baixos.

**G.88. VENDAS MEDIANTE COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO A PROVINCIA**

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

Preguntadas sobre os motivos polos que non venden en Internet, as empresas TIC galegas que recoñeceron non facelo sinalan en primeiro lugar que os seus produtos ou servizos non son axeitados para a venda electrónica (37,6%), e a existencia doutras prioridades (24,4%). Outras xustificacións menos nomeadas son os problemas de seguridade, os problemas de distribución, a non percepción de beneficios claros na venda, o custo do desenvolvemento e mantemento da plataforma tecnolóxica e a falta de preparación da clientela, con porcentaxes que oscilan entre o 3,5% e o 7,8%.

### G.89. MOTIVOS PARA NON VENDER A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO NO ANO 2010

(% empresas TIC que non venderon a través do comercio electrónico)




**Fonte: OSIMGA**

Pola súa banda, as empresas TIC que venden a través da Rede xustifican esta decisión principalmente na captación de nova clientela, opción que obtén un 55,5% das repostas, así como na expansión xeográfica do mercado (48,5%), a mellora da calidade do servizo (47,6%), a prestación de servizos personalizados á clientela (43,5%), a aceleración do proceso do negocio (39,6%), o lanzamento de novos produtos ou servizos (28,2%) e a redución dos custos do negocio (25,9%). A porcentaxe de empresas que non saben ou non responden a esta cuestión é neste caso dun 3,3%.

**G.90. MOTIVOS PARA VENDER A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO NO ANO 2010**




**Fonte: OSIMGA**

A porcentaxe do peso que supuxeron as vendas a través do comercio electrónico no ano 2010 respecto ao volume total de negocio das empresas TIC que venden a través da Rede foi do 44,8%.

A táboa seguinte presenta o desglose do importe das vendas a través do comercio electrónico realizadas en 2010 por área xeográfica. A vista dos datos, podemos afirmar que as empresas TIC galegas venden os seus produtos ou servizos maioritariamente en Galicia (60,2%) e no resto de España (34,5%). As vendas electrónicas ao resto da Unión Europea e ao resto do mundo son aínda minoritarias, con porcentaxes do 2,8% e o 2,5% respectivamente.

### C.94. DESGLOSE DE VENDAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO AREA XEOGRÁFICA

| % de importe das vendas realizadas a través do comercio electrónico | | | |
|---|---|---|---|
| Galicia | Resto de España | Resto da Unión Europea | Resto do mundo |
| 60,2 | 34,5 | 2,8 | 2,5 |

Base: empresas TIC que venderon a través do comercio electrónico no ano 2010
Fonte: OSIMGA

Pola súa banda, o desglose por tipo de cliente indica que as principais receptoras das vendas electrónicas das empresas TIC son outras empresas (73,9%). Practicamente unha de cada catro vendas a través de Internet vai dirixida aos fogares, mentres que a Administración Pública obtén un reducido 1,5% das devanditas vendas.

### C.95. DESGLOSE DE VENDAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO TIPO DE CLIENTE

| % de importe das vendas realizadas a través do comercio electrónico | | |
|---|---|---|
| Outras empresas | Administración Pública | Fogares |
| 73.9 | 1.5 | 24.5 |

Base: empresas TIC que venderon a través do comercio electrónico durante o ano 2010
Fonte: OSIMGA

# V.3. En síntese

- O 65,6% das empresas TIC galegas realizou compras mediante o comercio electrónico durante o ano 2010.
- A preferencia pola relación tradicional co provedor é o motivo máis nomeado polas empresas TIC que non mercan a través da Rede (39,2%).
- O 25,1% das empresas TIC galegas realizou vendas a través de Internet, na maioría dos casos (55,5%) co fin de captar novos clientes e, en menor medida (48,5%) co obxectivo de expandirse xeograficamente e mellorar a calidade do servizo (47,6%).
- As empresas TIC venden os seus produtos ou servizos maioritariamente en Galicia (60,2% das vendas electrónicas) e no resto de España (34,5%).
- O motivo polo cal un 37,6% das empresas TIC non vende a través de Internet é a percepción de que os seus produtos ou servizos non son axeitados para a venda a través da Rede.

# VI. FORMACIÓN E AXUDAS PARA DESENVOLVEMENTO TIC

O presente capítulo está dedicado á formación e á temática de axudas para o desenvolvemento das TIC nas empresas, estudando a valoración do aproveitamento das vantaxes en TIC por parte das empresas e en relación coas principais variables de clasificación. A continuación analizaranse as principais liñas de apoio para facilitar a incorporación de TIC ás empresas, segundo o criterio das propias empresas, así como a recepción de axudas e a súa finalidade.

No apartado de formación faise unha análise do emprego de ferramentas informáticas e electrónicas para a formación, en relación coas principias variables de clasificación, así como da formación do persoal da empresa en TIC no último ano e a tipoloxía de formación TIC recibida.

## VI. 1. Formación

- O 31,7% das empresas TIC galegas levou a cabo accións para a formación en TIC no ano 2010. O 79,1% dos traballadores / as destas empresas recibiron formación TIC.
- O 41,1% das empresas TIC emprega e-learning para a formación.
- Así mesmo, un 53,4% das empresas amosan interese en facilitar formación TIC aos seus empregados /as. Neste aspecto, un 17,2% das empresas TIC estarían interesadas en facilitar a devandita formación no próximo ano.
- As principais áreas de interese en formación TIC son: a administración de sistemas operativos, seguridad informáticas, protección de datos, redes e sistemas de telecomunicacións.

Con respecto á formación en TIC, o 31,7% das empresas TIC galegas facilitaron aos seus traballadores / as formación nesta materia no ano 2010.

### G.91. FORMACIÓN EN TIC DOS TRABALLADORES /AS DA EMPRESA NO ÚLTIMO ANO




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas adicadas a actividades doutros servizos son as que en maior medida proporcionaron formación en TIC ao seu persoal (54,2%), porcentaxe que se reduce até o 36% para as empresas de Telecomunicacións e até o 28,7% nas empresas de actividades informáticas.

### G.92. FORMACIÓN EN TIC DOS TRABALLADORES /AS DA EMPRESA NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

Se considerarmos o tamaño das empresas TIC en función do número de empregados/as, podemos observar unha maior frecuencia de procesos de formación en TIC canto maior é o tamaño das empresas. Doutra banda, un 28,8% das empresas TIC galegas de 0 a 9 asalariados/as ofertaron formación en TIC aos seus traballadores / as no último ano.

### G.93. FORMACIÓN EN TIC DOS TRABALLADORES /AS DA EMPRESA NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A condición xurídica da empresa repercute tamén na formación en TIC, presentando as sociedades e outras formas xurídicas unha porcentaxe máis elevada que as persoas físicas no que se refire a este indicador. A diferenza sitúase neste caso en case 9 puntos porcentuais máis para as sociedades e outras formas xurídicas.

### G.94. FORMACIÓN EN TIC DOS TRABALLADORES /AS DA EMPRESA NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Atendendo á distribución territorial das empresas TIC en función da provincia na que teñen a súa sede, cómpre mencionar que as maiores porcentaxes de empresas TIC que no ano 2010 ofertaron formación aos seus empregados/as son as que teñen a súa sede fóra de Galicia; considerando aquelas que teñen a súa base de operacións en Galicia, son as radicadas na provincia de Pontevedra as que ofreceron formación aos seus empregados/as en maior medida.

### G.95. FORMACIÓN EN TIC DOS TRABALLADORES /AS DA EMPRESA NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

En canto á tipoloxía de formación TIC recibida, predomina a formación en Software Propietario, aínda máis no caso do persoal que se encarga de actividades informáticas. A formación en Software Libre é recibida maioritariamente tamén por este tipo de persoal con perfil informático.

### G.96. TIPOLOXÍA DE FORMACIÓN TIC RECIBIDA POLOS TRABALLADORES /AS

(% empresas TIC que facilitaron formación en TIC no ano 2010)




Fonte: OSIMGA

Os procesos formativos en TIC levados a cabo polas empresas TIC galegas presenta a seguinte escolma de cifras: Un 79,1% dos traballadores e traballadoras das empresas TIC galegas recibiron formación en TIC no ano 2010; así mesmo, a porcentaxe media da cifra de negocio que as empresas TIC destinaron para a formación nestas tecnoloxías foi do 10,2%.

### C.96. DESGLOSE DE FORMACIÓN RECIBIDA

| **% de traballadores/as que recibiron formación en TIC** | |
|---|---|
| % media da cifra de negocio destinada á formación en TIC | % de traballadores/as da empresa que recibiron formación TIC |
| 10,2 | 79,1 |

Base: empresas TIC que facilitaron formación TIC no ano 2010
Fonte: OSIMGA

Un 41,1% das empresas TIC galegas emprega ferramentas informáticas e electrónicas para a formación (*e-learning*).

### G.97. EMPREGO DE *E-LEARNING* COMO TÉCNICA DE FORMACIÓN




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

**G.98. EMPREGO DE *E-LEARNING* COMO TÉCNICA DE FORMACIÓN SEGUNDO A ACTIVIDADE**

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

O emprego do *e-learning* como ferramenta formativa é maior nas empresas de maior tamaño, se atendemos ao número de empregados/as nas empresas TIC galegas. Por outra banda, considerando agora a condición xurídica das empresas, o *e-learning* ten máis peso naquelas consideradas como sociedades e outras formas xurídicas que nas que teñen a condición de persoas físicas (44,1% fronte a 28,9%)

**G.99. EMPREGO DE *E-LEARNING* COMO TÉCNICA DE FORMACIÓN SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS**

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

## G.100. EMPREGO DE *É-LEARNING* COMO TÉCNICA DE FORMACIÓN SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Un 51% das empresas TIC galegas considéranse capacitadas para levar a cabo por si mesmas accións formativas en TIC.

## G.101. VALORACIÓN DA CAPACIDADE DA EMPRESA EN DESENVOLVEMENTO DE FORMACIÓN EN TIC




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As empresas TIC dedicadas ás telecomunicacións son as que en maior medida declaran ter capacidade por elas mesmas para desenvolver accións formativas en TIC (60%); un 55,9% das dedicadas a actividades informáticas afirman o mesmo; doutra banda atopamos as empresas manufactureiras TIC, nas que só un 28,6% das mesmas teñen capacidade para levar a cabo formación en TIC.

## G.102. VALORACIÓN DA CAPACIDADE DA EMPRESA EN DESENVOLVEMENTO DE FORMACIÓN EN TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A autopercepción positiva da capacidade das empresas para desenvolver accións formativas en TIC aumenta conforme aumenta o tamaño das empresas, sendo maior nas empresas de 50 ou más asalariados/as.

## G.103. VALORACIÓN DA CAPACIDADE DA EMPRESA EN DESENVOLVEMENTO DE FORMACIÓN EN TIC SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

### G.104. VALORACIÓN DA CAPACIDADE DA EMPRESA EN DESENVOLVEMENTO DE FORMACIÓN EN TIC SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

Máis da metade (53,4%) das empresas TIC galegas están interesadas en facilitar formación TIC aos seus traballadores no futuro, un 17,2% prevén facelo no próximo ano e o restante 36,2% están dispostas a facelo mais non poden estimar aínda o prazo.

### G.105. INTERESE EN FACILITAR FORMACION EN TIC AOS / AS TRABALLADORES /AS




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As áreas de formación en TIC que máis interesarían ás empresas TIC galegas dispostas a facilitarlles formación nestas tecnoloxías aos seus empregados/as, serían as de administración e sistemas operativos (55,1%), seguridade informática e protección de datos (52,8%), redes e sistemas de telecomunicacións (52,6%) e infraestruturas das TIC (50,6%). O deseño asistido sería o que menos interesaría ás empresas.

**G.106. AREAS DE FORMACIÓN TIC DE INTERESE**

(% empresas TIC interesadas en facilitar formación en TIC)




**Fonte: OSIMGA**

No tocante ás características da formación en TIC nas que estarían interesadas as empresas TIC galegas, ésta debería estar baseada na teleformación (formación a distancia) (56,7%), debería ser impartida por un centro de formación especializado (79%), e á súa conclusión debería implicar a obtención dunha certificación oficial da formación recibida (93,7%).

## G.107. TIPO DE FORMACIÓN NA QUE ESTARIA INTERESADA A EMPRESA




Base: empresas TIC interesadas en facilitar formación en TIC aos traballadores/as
Fonte: OSIMGA

## G.108. PERSOAL ENCARGADO DE IMPARTIR A FORMACIÓN

(% empresas TIC interesadas en facilitar formación en TIC)




**Fonte: OSIMGA**

### G.109. CERTIFICACIÓN OFICIAL DA FORMACIÓN RECIBIDA




Base: empresas TIC interesadas en facilitar formación en TIC aos traballadores
Fonte: OSIMGA

# VI. 2. Axudas para o desenvolvemento TIC

- O 9,7% das empresas TIC galegas recibiu axudas para a incorporación das TIC, sendo a finalidade principal destas a realización de actividades de innovación.
- O 68,5% das empresas TIC galegas que percibieron axudas nos últimos tres anos, recibíronas da Administración local ou Autonómica e un 28,6% da Administración do Estado.

O 9,7% das empresas TIC galegas beneficiouse nos últimos tres anos de axudas para a incorporación de TIC.

**G.110. RECEPCIÓN DE AXUDAS PARA INCORPORAR TIC NOS ÚLTIMOS TRES ANOS**




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O 47% das empresas TIC que percibiu axudas nos últimas tres anos, destinou as axudas á realización de actividades de innovación. O investimento para o desenvolvemento de novas aplicacións, produtos ou servizos sitúase en segundo lugar, cun 46,1%. O destino menos frecuente das axudas é a contratación do persoal TIC.

### C.97. FINALIDADE DE RECEPCIÓN DE AXUDAS PARA INCORPORAR TIC

| FINALIDADE DAS AXUDAS | SI | NON | NS / NC |
|---|---|---|---|
| Para a implantación ou mellora da infraestrutura interna da empresa | 36,8 | 55,3 | 7,9 |
| Para a implantación de aplicacións informáticas a medida na empresa | 28,3 | 63,0 | 8,7 |
| Para a implantación de certificacións de modelos de xestión | 32,1 | 60,6 | 7,3 |
| Para o desenvolvemento de novas aplicacións, produtos ou servizos | 46,1 | 49,0 | 4,8 |
| Para realizar actividades de innovación | 47,0 | 47,1 | 5,9 |
| Para a contratación de persoal TIC | 27,5 | 65,3 | 7,2 |
| Para a formación técnica e promoción do sector *TIC (Asistencia a foros ou cursos especializados,...)* | 39,0 | 53,8 | 7,2 |

Base: empresas TIC que recibiron axudas para incorporar TIC nos últimos tres anos
Fonte: OSIMGA

O 68,5% das empresas TIC galegas que percibiron axudas nos últimos tres anos, recibíronas da Administración Local ou Autonómica; un 28,6% da Administración do Estado.

### C.98. ADMINISTRACIÓN QUE PROPORCIONA AXUDAS PARA INCORPORAR TIC

| ADMINISTRACIÓN QUE PROPORCIONOU AXUDAS | SI | NON | NS / NC |
|---|---|---|---|
| Administración local ou autónomica | 68,5 | 13,6 | 18,0 |
| Administración do Estado | 28,6 | 62,2 | 9,1 |
| A Unión Europea | 17,3 | 68,8 | 13,9 |

Base: empresas TIC que recibiron axudas para incorporar TIC nos últimos tres anos
Fonte: OSIMGA

## VI. 3. En síntese

- O 31,7% das empresas TIC galegas levou a cabo accións para a formación en TIC no ano 2010. O 79,1% dos traballadores / as destas empresas recibiron formación TIC.
- O 41,1% das empresas TIC emprega e-learning para a formación.
- Así mesmo, un 53,4% das empresas amosan interese en facilitar formación TIC aos seus empregados /as. Neste aspecto, un 17,2% das empresas TIC estarían interesadas en facilitar a devandita formación no próximo ano.
- As principais áreas de interese en formación TIC son: a administración de sistemas operativos, seguridad informáticas, protección de datos, redes e sistemas de telecomunicacións.
- O 9,7% das empresas TIC galegas recibiu axudas para a incorporación das TIC, sendo a finalidade principal destas a realización de actividades de innovación.
- O 68,5% das empresas TIC galegas que percibieron axudas nos últimos tres anos, recibíronas da Administración local ou Autonómica e un 28,6% da Administración do Estado

# VII. PERCEPCIÓN ACTUAL E PROSPECTIVA DE MERCADO

Este último capítulo analiza o momento actual do sector TIC en Galicia e o seu papel na economía galega, ao tempo que trata de facer unha proxección da evolución do sector e das empresas pertencentes ao mesmo nos próximos tres anos.

## VII. 1. Situación actual

- Un 68,4% das empresas TIC galegas considera que o papel do sector TIC na economía galega é "importante" ou "moi importante".
- Así mesmo un 25,8% consideran que o sector está en expansión.

Na opinión das empresas TIC, o papel actual do seu sector na economía galega no que se refire á xeración de riqueza e emprego é importante (45,6%) e mesmo moi importante (22,8%). Un 17,8% considérano pouco ou nada importante.

**G.111. PAPEL DO SECTOR TIC NA ECONOMÍA GALEGA**

(% sobre empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Máis dun terzo das empresas TIC galegas (35,3%) perciben atoparse nun momento de consolidación, un 22,3% en fase de expansión en un 16,4% en situación de reconversión ou reorientación. A porcentaxe de empresas que califican o seu momento actual de inicial é dun 8,5%, e un 3,3% afirma atoparse en fase de liquidación.

**G.112. PERCEPCIÓN DA SITUACIÓN DA EMPRESA**

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A análise da percepción da situación da empresa por actividade amosa diferenzas importantes neste sentido. Así, un 53,8% de empresas de telecomunicacións define o seu momento actual como de consolidación, fronte a un 19% das manufactureiras TIC, que maioritariamente perciben atoparse en fase de recoversión. As etapas iniciais e as de liquidación, pola súa banda, correspóndense principalmente coas empresas de actividades informáticas.

### C.99. PERCEPCIÓN DA SITUACIÓN DA EMPRESA SEGUNDO A ACTIVIDADE

| Percepción da situación da empresa | TIPO DE ACTIVIDADE (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | Total |
| Inicial | 9,5 | 7,5 | 7,7 | 9,4 | 6,7 | 8,5 |
| Consolidación | 19,0 | 31,1 | 53,8 | 35,6 | 38,3 | 35,3 |
| Expansión | 19,0 | 21,7 | 19,2 | 23,8 | 21,7 | 22,3 |
| Re-conversión re-orientación | 38,1 | 23,6 | 3,8 | 9,4 | 25,0 | 16,4 |
| Liquidación | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 5,4 | 3,3 | 3,3 |
| NS/NC | 14,3 | 16,0 | 15,4 | 16,3 | 5,0 | 14,3 |
| N | 20 | 106 | 25 | 202 | 59 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Segundo o tamaño da empresa, a porcentaxe de empresas TIC que caracterizan o momento actual como inicial ou de liquidación é superior nas empresas de menor tamaño, mentres que a metade exacta das empresas TIC de 50 ou máis empregados / as percibe atoparse en fase de consolidación, un dato este practicamente 15 puntos por riba da media. A etapa de expansión é maioritaria nas empresas TIC de tamaño medio.

### C.100. PERCEPCIÓN DA SITUACIÓN DA EMPRESA SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS /AS

| Percepción da situación da empresa | Nº DE EMPREGADOS /AS (%) | | | |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados /as | De 10 a 49 asalariados /as | De 50 ou máis asalariados /as | Total |
| Inicial | 8,9 | 4,0 | 0,0 | 8,5 |
| Consolidación | 35,1 | 36,0 | 50,0 | 35,3 |
| Expansión | 21,2 | 36,0 | 33,3 | 22,3 |
| Re-conversión re-orientación | 16,8 | 12,0 | 16,7 | 16,4 |
| Liquidación | 3,4 | 0,0 | 0,0 | 3,3 |
| NS/NC | 14,7 | 12,0 | 0,0 | 14,3 |
| N | 382 | 24 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Con respecto á condición xurídica, a etapa de consolidación é a máis nomeada tanto polas Persoas Físicas como polas Sociedades, mais se observan diferenzas na segunda opción en orde de importancia, que é a reconversión no caso das Persoas Físicas e a expansión no caso das Sociedades. Tamén as Sociedades caracterizan o seu momento actual como inicial en maior medida que as Persoas Físicas, e estas amosan un dato máis elevado na fase de liquidación.

### C.101. PERCEPCIÓN DA SITUACIÓN DA EMPRESA SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

| Percepción da situación da empresa | CONDICIÓN XURÍDICA (%) | | Total |
|---|---|---|---|
| | Persoas Físicas | Sociedades | |
| Inicial | 4,8 | 9,4 | 8,5 |
| Consolidación | 39,3 | 34,3 | 35,3 |
| Expansión | 13,1 | 24,6 | 22,3 |
| Re-conversión re-orientación | 15,5 | 16,4 | 16,4 |
| Liquidación | 8,3 | 2,1 | 3,3 |
| NS/NC | 19,0 | 13,1 | 14,3 |
| N | 83 | 329 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Atendendo á provincia de localización da empresa, Ourense presenta unha maior porcentaxe de empresas TIC en fase inicial que o resto (14,3%), así como o dato máis baixo na etapa de consolidación (17,1%). As empresas da Coruña destacan pola alta porcentaxe na fase de reconversión, 8,7 puntos porcentuais por riba da media, mentres que son as de Pontevedra as que en maior medida caracterizan a súa situación actual coma de liquidación (4,2%).

### C.102. PERCEPCIÓN DA SITUACIÓN DA EMPRESA SEGUNDO A PROVINCIA

| Percepción da situación da empresa | PROVINCIA (%) | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Sede fóra de Galicia | |
| Inicial | 8,7 | 9,5 | 14,3 | 7,2 | 0,0 | 8,5 |
| Consolidación | 38,3 | 33,3 | 17,1 | 36,1 | 40,0 | 35,3 |
| Expansión | 11,5 | 28,6 | 34,3 | 30,7 | 20,0 | 22,3 |
| Re-conversión re-orientación | 25,1 | 14,3 | 8,6 | 9,0 | 0,0 | 16,4 |
| Liquidación | 3,3 | 0,0 | 0,0 | 4,2 | 0,0 | 3,3 |
| NS/NC | 13,1 | 14,3 | 25,7 | 12,7 | 40,0 | 14,3 |
| N | 183 | 21 | 36 | 166 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Á hora de caracterizar o sector TIC, as opinións das empresas deste sector se distribúen de xeito equitativo entre expansión (25,8%), reconversión (25,6%) e consolidación (25,5%). Só un 5,4% das empresas TIC galegas definen o momento actual do sector como inicial, e unha porcentaxe aínda máis reducida (2,7%) opinan que se atopa en fase de liquidación.

### G.113. CARACTERIZACIÓN DO MOMENTO NO SECTOR TIC

(% empresas TIC)




**Fonte: OSIMGA**

Por actividade, as empresas manufactureiras TIC son as máis afastadas da tendencia que marca a media, ao priorizar a fase de liquidación (19%) sobre a de expansión (14,3%). Por outra banda, as dedicadas a actividades informáticas son as que en maior medida definen o momento do sector como inicial (7%).

### C.103. CARACTERIZACIÓN DO MOMENTO NO SECTOR TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE

| Caracterización do momento no sector TIC | TIPO DE ACTIVIDADE (%) | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | |
| Inicial | 0,0 | 4,7 | 0,0 | 7,0 | 5,1 | 5,4 |
| Consolidación | 9,5 | 24,3 | 40,0 | 22,5 | 37,3 | 25,5 |
| Expansión | 14,3 | 28,0 | 36,0 | 25,0 | 23,7 | 25,8 |
| Re-conversión re-orientación | 19,0 | 29,9 | 16,0 | 27,0 | 20,3 | 25,6 |
| Liquidación | 19,0 | 0,0 | 0,0 | 3,5 | 0,0 | 2,7 |
| NS/NC | 38,1 | 13,1 | 8,0 | 15,0 | 13,6 | 15,0 |
| N | 20 | 106 | 25 | 202 | 59 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A orde xeral observada na caracterización do momento do sector TIC por parte das empresas mantense independentemente do tamaño da empresa, aínda que as fases de consolidación e expansión gañan peso nas empresas de maior tamaño, en detrimento da etapa de reconversión, que obtén un 20%, e das de inicio e liquidación, que non son consideradas.

### C.104. CARACTERIZACIÓN DO MOMENTO NO SECTOR TIC SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

| Caracterización do momento no sector TIC | Nº DE EMPREGADOS /AS (%) | | | Total |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados /as | De 10 a 49 asalariados /as | De 50 ou máis asalariados /as | |
| Inicial | 5,2 | 8,3 | 0,0 | 5,4 |
| Consolidación | 25,2 | 29,2 | 40,0 | 25,5 |
| Expansión | 25,5 | 29,2 | 40,0 | 25,8 |
| Re-conversión re-orientación | 26,0 | 25,0 | 20,0 | 25,6 |
| Liquidación | 2,6 | 0,0 | 0,0 | 2,7 |
| NS/NC | 15,5 | 8,3 | 0,0 | 15,0 |
| N | 382 | 24 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Segundo a condición xurídica, a maior disparidade nas opinións de Persoas Físicas e Sociedades corresponde á etapa de reconversión, escollida por un 27,4% das Sociedades para definir o momento actual do sector TIC en Galicia, fronte a apenas un 19,3% das Persoas Físicas.

### C.105. CARACTERIZACIÓN DO MOMENTO NO SECTOR TIC SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

| Caracterización do momento no sector TIC | CONDICIÓN XURÍDICA (%) | | |
|---|---|---|---|
| | Persoas Físicas | Sociedades | Total |
| Inicial | 6,0 | 5,5 | 5,4 |
| Consolidación | 25,3 | 25,5 | 25,5 |
| Expansión | 26,5 | 25,5 | 25,8 |
| Re-conversión re-orientación | 19,3 | 27,4 | 25,6 |
| Liquidación | 3,6 | 2,4 | 2,7 |
| NS/NC | 19,3 | 13,7 | 15,0 |
| N | 83 | 329 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

No cruce da caracterización do momento actual do sector TIC por provincia, atopamos as diferenzas máis evidentes nas empresas con sede fóra da comunidade con respecto ás que se sitúan nalgunha das catro provincias galegas. Dentro destas, Ourense é a que máis se afasta da tendencia xeral, sendo a provincia na que en maior medida se define o momento como de consolidación, e amosando un valor moi por baixo da media na etapa de reconversión (11,1%).

### C.106. CARACTERIZACIÓN DO MOMENTO NO SECTOR TIC SEGUNDO A PROVINCIA

| Caracterización do momento no sector TIC | PROVINCIA (%) | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Sede fóra de Galicia | |
| Inicial | 9,8 | 0,0 | 8,3 | 0,6 | 0,0 | 5,4 |
| Consolidación | 23,0 | 23,8 | 30,6 | 27,9 | 0,0 | 25,5 |
| Expansión | 24,6 | 23,8 | 25,0 | 26,7 | 60,0 | 25,8 |
| Re-conversión re-orientación | 26,8 | 28,6 | 11,1 | 26,7 | 40,0 | 25,6 |
| Liquidación | 3,8 | 0,0 | 0,0 | 2,4 | 0,0 | 2,7 |
| NS/NC | 12,0 | 23,8 | 25,0 | 15,8 | 0,0 | 15,0 |
| N | 183 | 21 | 36 | 166 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

# VII. 2. Perspectiva futuras

- O 30,1% das empresas TIC consideran que a súa evolución nos próximos tres anos será expansiva e un 18,5% que vai ser recesiva.
- Do mesmo xeito, un 31,7% sinalan que a evolución do sector TIC en Galicia no mesmo período temporal vai ser expansiva e un 16,2% que vai ser recesiva.

Nunha perspectiva a tres anos vista, o 36,9% das empresas TIC cren que a tendencia de evolución da súa empresa en canto a volume de negocio, xeración de emprego e ámbito de mercado será estable, un 30,1% opinan que será expansiva e un 18,5% prevén que será recesiva.

G.114. TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DAS EMPRESAS TIC NOS PRÓXIMOS TRES ANOS




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Segundo a actividade, as empresas de telecomunicacións son as máis optimistas con respecto á súa evolución futura, e as manufactureiras TIC as que teñen unha opinión máis negativa a este respecto, cun 31,6% que considera que a tendencia da súa evolución será recesiva.

## C.107. TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DAS EMPRESAS TIC NOS PRÓXIMOS TRES ANOS SEGUNDO A ACTIVIDADE

| Tendencia de evolución das empresas TIC nos próximos tres anos | TIPO DE ACTIVIDADE (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | Total |
| Recesiva | 31,6 | 17,1 | 0,0 | 19,8 | 20,3 | 18,5 |
| Estable | 10,5 | 37,1 | 54,2 | 36,1 | 40,7 | 36,9 |
| Expansiva | 26,3 | 32,4 | 37,5 | 28,2 | 30,5 | 30,1 |
| NS/NC | 31,6 | 13,3 | 8,3 | 15,8 | 8,5 | 14,4 |
| N | 20 | 106 | 25 | 202 | 59 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Por tamaño, as previsións máis negativas con respecto ao seu futuro corresponden ás empresas de menos de 10 empregados / as, e as máis positivas ás de entre 10 e 49 asalariados/as. As empresas de maior tamaño, pola súa banda, prevén maioritariamente estabilidade até o 2014.

## C.108. TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DAS EMPRESAS TIC NOS PRÓXIMOS TRES ANOS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS /AS

| Tendencia de evolución das empresas TIC nos próximos tres anos | Nº DE EMPREGADOS /AS (%) | | | |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados /as | De 10 a 49 asalariados /as | De 50 ou máis asalariados /as | Total |
| Recesiva | 19,6 | 4,2 | 0,0 | 18,5 |
| Estable | 36,6 | 41,7 | 50,0 | 36,9 |
| Expansiva | 29,1 | 41,7 | 33,3 | 30,1 |
| NS/NC | 14,7 | 12,5 | 16,7 | 14,4 |
| N | 382 | 24 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Atendendo á condición xurídica da empresa, e aínda que a estabilidade é a tendencia máis esperada tanto por Persoas Físicas como polas Sociedades, as diferenzas son significativas, sendo máis escollida a tendencia de evolución recesiva polas Persoas Físicas e a expansiva polas Sociedades.

### C.109. TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DAS EMPRESAS TIC NOS PRÓXIMOS TRES ANOS SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

| Tendencia de evolución das empresas TIC nos próximos tres anos | CONDICIÓN XURÍDICA (%) | | |
|---|---|---|---|
| | Persoas Físicas | Sociedades | Total |
| Recesiva | 24,1 | 17,0 | 18,5 |
| Estable | 42,2 | 35,6 | 36,9 |
| Expansiva | 20,5 | 32,5 | 30,1 |
| NS/NC | 13,3 | 14,9 | 14,4 |
| N | 83 | 329 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Tamén o cruce por provincia de situación das empresas amosa diferenzas na previsión da tendencia evolutiva, e así, as empresas da Coruña teñen a perspectiva máis negativa, cun 27,3% que considera que a súa tendencia de evolución a tres anos vista será recesiva. As de Ourense confían nunha evolución de tendencia expansiva no 40,5% dos casos, mentres que as que teñen a sede principal fóra de Galicia se decantan en maior medida que as situadas na Comunidade pola previsión de estabilidade.

### C.110. TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DAS EMPRESAS TIC NOS PRÓXIMOS TRES ANOS SEGUNDO A PROVINCIA

| Tendencia de evolución das empresas TIC nos proximos tres anos | PROVINCIA (%) | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Sede fóra de Galicia | |
| Recesiva | 27,3 | 19,0 | 2,7 | 13,3 | 0,0 | 18,5 |
| Estable | 31,7 | 33,3 | 37,8 | 41,6 | 83,3 | 36,9 |
| Expansiva | 29,0 | 19,0 | 40,5 | 30,7 | 16,7 | 30,1 |
| NS/NC | 12,0 | 28,6 | 18,9 | 14,5 | 0,0 | 14,4 |
| N | 183 | 21 | 36 | 166 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

A maior parte das empresas TIC galegas (31,7%) confía en que a tendencia de evolución futura do seu sector será expansiva, a escasa distancia das que cren que será estable (30,4%). O 16,2% espera unha tendencia recesiva, nunha perspectiva a tres anos vista.

## G.115. TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DO SECTOR TIC GALEGO NOS PRÓXIMOS TRES ANOS




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Segundo a actividade principal da empresa, as previsións máis optimistas cara ao sector son as das empresas dedicadas a outros servizos, que nun 44,1% dos casos opinan que a evolución será de tendencia expansiva. No extremo oposto, o 20% das manufactureiras TIC prevén unha tendencia recesiva.

## C.111. TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DO SECTOR TIC GALEGO NOS PROXIMOS TRES ANOS SEGUNDO A ACTIVIDADE

| Tendencia de evolución do sector TIC galego nos próximos tres anos | TIPO DE ACTIVIDADE (%) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Manufactureiras TIC | Comerciais TIC | Telecomunicacións | Actividades informáticas | Outros servizos | Total |
| Recesiva | 20,0 | 16,0 | 8,0 | 16,8 | 15,3 | 16,2 |
| Estable | 20,0 | 33,0 | 56,0 | 29,2 | 23,7 | 30,4 |
| Expansiva | 20,0 | 29,2 | 28,0 | 31,2 | 44,1 | 31,7 |
| NS/NC | 40,0 | 21,7 | 8,0 | 22,8 | 16,9 | 21,6 |
| N | 20 | 106 | 25 | 202 | 59 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Por tamaño da empresa, as máis pequenas teñen unha visión de futuro do sector TIC máis negativa, e as de tamaño intermedio teñen a perspectiva máis esperanzadora. Pola súa banda, as empresas con 50 ou máis asalariados/as prevén maioritariamente estabilidade de cara ao 2014.

### C.112. TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DO SECTOR TIC GALEGO NOS PRÓXIMOS TRES ANOS SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

| Tendencia de evolución do sector TIC galego nos próximos tres anos | Nº DE EMPREGADOS /AS (%) | | | Total |
|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 9 asalariados / as | De 10 a 49 asalariados /as | De 50 ou máis asalariados /as | |
| Recesiva | 17,1 | 4,2 | 14,3 | 16,2 |
| Estable | 29,4 | 37,5 | 57,1 | 30,4 |
| Expansiva | 31,5 | 41,7 | 14,3 | 31,7 |
| NS/NC | 22,0 | 16,7 | 14,3 | 21,6 |
| N | 381 | 24 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Con respecto á condición xurídica, as valoracións se distribúen conforme á media, aínda que a porcentaxe de Persoas Físicas que non saben ou non responden a esta cuestión é moi superior á das Sociedades.

### C.113. TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DO SECTOR TIC GALEGO NOS PRÓXIMOS TRES ANOS SEGUNDO A CONDICIÓN XURÍDICA

| Tendencia de evolución do sector TIC galego nos próximos tres anos | CONDICIÓN XURÍDICA (%) | | |
|---|---|---|---|
| | Persoas Físicas | Sociedades | Total |
| Recesiva | 13,1 | 17,0 | 16,2 |
| Estable | 26,2 | 31,6 | 30,4 |
| Expansiva | 29,8 | 32,2 | 31,7 |
| NS/NC | 31,0 | 19,1 | 21,6 |
| N | 83 | 329 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Atendendo á provincia de localización das empresas, atopamos as previsións máis optimistas para o sector TIC nas empresas de Ourense e nas que teñen a sede fóra de Galicia, e as máis pesimistas nas ubicadas en Lugo.

## C.114. TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DO SECTOR TIC GALEGO NOS PRÓXIMOS TRES ANOS SEGUNDO A PROVINCIA

| Tendencia de evolución do sector TIC galego nos próximos tres anos | PROVINCIA (%) | | | | | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Sede fóra de Galicia | |
| Recesiva | 21,3 | 28,6 | 0,0 | 13,3 | 0,0 | 16,2 |
| Estable | 26,8 | 28,6 | 30,6 | 33,7 | 50,0 | 30,4 |
| Expansiva | 29,0 | 4,8 | 47,2 | 34,3 | 50,0 | 31,7 |
| NS/NC | 23,0 | 38,1 | 22,2 | 18,7 | 0,0 | 21,6 |
| N | 183 | 21 | 36 | 166 | 6 | 412 |

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

## VII.3. En síntese

- Un 68,4% das empresas TIC considera que o papel do sector TIC na economía galega é "importante" ou "moi importante".

- Así mesmo un 25,8% consideran que o sector TIC está en expansión.

- O 30,1% das empresas TIC consideran que a súa evolución nos próximos tres anos será expansiva e un 18,5% que vai ser recesiva.

- Do mesmo xeito, un 31,7% sinalan que a evolución do sector TIC en Galicia no mesmo período temporal vai ser expansiva e un 16,2% que vai ser recesiva.

# ANEXO I: AGRUPACIÓN CNAES DO SECTOR TIC

Nesta edición empregamos a seguinte definición do sector TIC (En base ISIC Rev.4, NACE Rev.2 -CNAE 2009):

| **ISIC (Rev.4)** | **NACE Rev.2 CNAE 2009** | **ACTIVIDADE** |
|---|---|---|
| **INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS TIC** | | |
| 2610 | 26.11 | Fabricación de compoñentes electrónicas |
| | 26.12 | Fabricación de placas electrónicas cargadas |
| 2620 | 26.20 | Fabricación de ordenadores e equipo periférico |
| 2630 | 26.30 | Fabricación de equipos de comunicacións |
| 2640 | 26.40 | Fabricación de aparatos de consumo electrónico |
| 2680 | 26.80 | Fabricación de soportes magnéticos e ópticos |
| **INDUSTRIAS COMERCIAIS TIC** | | |
| 4651 | 46.51 | Comercio polo xunto de ordenadores, equipo informático periférico e programas informáticos |
| 4652 | 46.52 | Comercio polo xunto de equipo electrónico de telecomunicacións e das súas partes e pezas |
| **INDUSTRIAS DE SERVIZOS TIC** | | |
| ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC | | |
| 5820 | 58.21 | Industria editorial de xogos de ordenador |
| | 58.29 | Outros tipos de edición de programas informáticos |
| TELECOMUNICACIÓNS | | |
| 6110 | 61.10 | Actividades de telecomunicacións por cabo |
| 6120 | 61.20 | Actividades de telecomunicacións sen fíos |
| 6130 | 61.30 | Actividades de telecomunicacións por satélite |

| | | |
|---|---|---|
| 6190 | 61.90 | Outras actividades de telecomunicación |
| ACTIVIDADES DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DO SERVIZO INFORMATIVO | | |
| 6201 | 62.01 | Actividades de programación informática |
| 6202 | 62.02 | Actividades de consulta de tecnoloxía da información |
| | 62.03 | Actividades de dirección de instalacións de ordenador |
| 6209 | 62.09 | Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de ordenadores |
| PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES CONEXAS | | |
| 6311 | 63.11 | Procesamento de datos, aloxamento (*hosting*) e actividades conexas |
| 6312 | 63.12 | Portais web |
| REPARACIÓN DE ORDENADORES E EQUIPOS COMUNICACIONAIS | | |
| 9511 | 95.11 | Reparación de ordenadores e equipo periférico |
| 9512 | 95.12 | Reparación de equipos comunicacionais |

Débese ter en conta nas comparativas que en edicións anteriores, a definición do sector TIC utilizada era:

**Definición do sector TIC ANTERIOR AO ANO 2009**
**(En base ISIC Rev.3.1, NACE Rev. 1.1 e CNAE-93 Rev.1)**

| **ISIC (Rev.3.1)** | **NACE Rev. 1.1** | **CNAE-93 Rev. 1** | **ACTIVIDADE** |
|---|---|---|---|
| **FABRICACIÓN** | | | |
| 3000 | 3001 | 3001 | Fabricación de máquinas de oficina |
| | 3002 | 3002 | Fabricación de ordenadores e outro equipo informático |
| 3130 | 3130 | 3130 | Fabricación de fíos e cabos eléctricos illados |
| 3210 | 3210 | 3210 | Fabricación de válvulas, tubos e outras compoñentes electrónicas |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3220 | 3220 | 3220 | Fabricación de transmisores de radiodifusión e televisión e de aparatos para a radiotelefonía e radiotelegrafía con fíos |
| 3230 | 3230 | 3230 | Fabricación de aparatos de recepción, gravación e reprodución de son e imaxe |
| 3312 | 3320 | 3320 | Fabricación de instrumentos e aparatos de medida, verificación, control, navegación e outros fins, agás equipos de control para procesos industriais |
| 3313 | 3330 | 3330 | Fabricación de equipo de control de procesos industriais |
| **SERVIZOS** | | | |
| 6420 | 6420 | 6420 | Telecomunicacións |
| 72 | 7210 | 7210 | Consulta de equipo informático |
| | 7221 | 7221 | Edición de programas informáticos |
| | 7222 | 7222 | Outras actividades de consultoría e subministro de programas informáticos |
| | 7230 | 7230 | Proceso de datos |
| | 7240 | 7240 | Actividades relacionadas con bases de datos |
| | 7250 | 7250 | Mantemento e reparación de máquinas de oficina, contabilidade e equipo informático |
| | 7260 | 7260 | Outras actividades relacionadas coa informática |